

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de febreiro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte de febreiro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(162).- ACTA ANTERIOR. Apróbase o acta da sesión do 6 de febreiro de 2015. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente. Por erro incluíuse tamén na orde do día o acta da sesión ordinaria do 2 de febreiro de 2015, xa aprobada na sesión do 13 de febreiro de 2015.

2(163).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A PROPORCIONAR MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSONAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE. AÑO 2015. EXPTE. 103548/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.02.15, o informe de fiscalización do 13.02.15, dáse conta do informe da técnica responsable

do Servizo de persoas maiores e persoas con discapacidade, do 29.01.15, que di o seguinte:

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

En base ás competencias indicadas e co obxecto de mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade e evitar o risco de exclusión social por este motivo, o Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, seguindo o procedemento que se indica nestas Bases e de acordo co marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003.

O Concello de Vigo, a través da Política de Benestar, e en base ás competencias indicadas nos parágrafos anteriores, considera necesario poñer en funcionamento o programa denominado “Bono-taxi”, que ten por obxecto establecer axudas económicas para posibilitar un medio de transporte alternativo a aquelas persoas que, por razón da grave dificultade de acceso non poden utilizar o transporte colectivo, dado que se considera unha necesidade para estes colectivos cuxa realidade expone, fundamentalmente no seguinte:

A mobilidade dentro das cidades é parte esencial da nosa vida cotiá: Acceso ó lugar de traballo, hospitais, ambulatorios, relacións sociais, etc. A mobilidade dos individuos constitúe un elemento clave no desenvolvemento global e integrador na sociedade na que se enmarca. A medida que descende a capacidade de desprazamento das persoas, maior é o seu afastamento dos elementos sociais nos que se desenvolve e, conseguintemente, maiores son os problemas de integración. É, por tanto, unha necesidade para calquera cidadán poder desprazarse facilmente e con liberdade.

Con todo, o entorno non resulta igualmente accesible para todos. Existe un elevado número de persoas que por ter, temporal ou permanentemente, una discapacidade ven a súa mobilidade reducida, necesitando a axuda de outra persoa para desprazarse ou sufrindo unha seria restrición do seu ámbito espacial de actuación. Son, tamén, moitas persoas que, ó non dispor de vehículo propio dependen do transporte público e, precisamente, as que padecen algún problema de mobilidade son as que teñen unha maior dependencia deste tipo de transporte. Sen esquecer os custes económicos, sociais e medioambientais que o uso maioritario de transporte privado ocasiona tanto ao usuario como á sociedade en xeral.

Conclúese, pois, que o transporte é un elemento fundamental de integración na vida das persoas con discapacidade.

O taxi ten sido tradicionalmente o servizo público de transporte porta a porta, ten dispoñibilidade horaria e ás veces, hai unha atención personalizada do condutor. En contrapartida, é o sistema de transporte máis caro en superficie. Polo tanto, é un elemento clave no desprazamento de persoas con necesidades especiais de mobilidade, de ahí a importancia que ten a mellora da súa accesibilidade.

Polo anterior, a convocatoria das axudas individuais que se achega, ven a establecer o marco de actuación para o procedemento aplicable o longo do ano 2015, respectando os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

O Concello de Vigo, na convocatoria das subvencións para o programa bono-taxi, prevé un contrato cunha entidade bancaria que emitirá unha tarxeta prepago . Trala carga do diñeiro na tarxeta por parte do Concello, o usuario da mesma pode realizar operacións ata consumir o saldo dispoñible ou ata a finalización do prazo establecido (20 de decembro de 2015, o día 21 as tarxetas estarán inoperativas)

O titular da tarxeta prepago será o Concello de Vigo. A operatividade da tarxeta restrinxirase ao uso do sector de actividade da categoría comercial "Taxis"; de esta forma garántese que o usuario da tarxeta soamente poderá utilizala, no servizo público de taxis de Vigo.

Para as subvencións aos beneficiarios do programa Bono-Taxi 2015, cóntase cunha partida específica por un importe de 25.000,00 €.

A lexislación aplicable é a que resulta da seguinte normativa configuradora do réxime xurídico de subvencións: Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polo Regulamento de Subvencións e polas propias bases da convocatoria e demais normas de desenvolvemento.

Dáse conta, igualmente, da proposta da xefa do Servizo do 3.02.15, conformada polo xefe de Área de Política de Benestar, a concelleira-delegada da Área de Política de Benestar e a concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda,

Á vista do informe da técnica responsable do servizo de persoas maiores e persoas con discapacidade e da orde de inicio de expediente dada pola concelleira-delegada da área de Política de Benestar, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria de subvencións destinadas a proporcionar mediante a utilización de "bono-taxi" un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo.

2.- Autorizar o gasto de 25.000,00€ con cargo á partida de Política de Benestar 2310.4800011 "Subvencións taxi discapacitados" e ordenar o pago mediante libramento a xustificar á técnica do departamento de Política de Benestar M^a Jesús Sanromán Varela, con NIF 36018668-R, que se ingresará na conta habilitada do departamento de Política de Benestar 2080 5000 67 3110242616

Así mesmo, autorizar a ampliación do tempo para xustificar este libramento ata decembro de 2015, xa que a finalidade do mesmo é a xestión das axudas mediante tarxetas visa prepago, cargadas con cantidades de 300,00€, 200,00€ ou 100,00€ cada unha dende a concesión da subvención ata a caducidade da tarxeta o 20 de decembro de 2015, momento no que se solicitan os saldos abandonados de cada tarxeta á entidade colaboradora, e procederase á xustificación do devandito libramento.

Non obstante esa Xunta de de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba precedente proposta.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACION DO "BONO-TAXI", UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE - ANO 2015.

I

De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).

Se na data indicada a Comunidade Autónoma non tivese asumido o desenvolvemento dos servizos da súa competencia ou, de ser o caso, non acordase a súa delegación, seguirán prestándose polo municipio pero a cargo da CA e, se esta non transferise as contías precisas, aplicaríanse as retencións nas transferencias que lle correspondan por aplicación do seu sistema de financiamento.

Sen prexuízo do anterior, e polo menos ata o 31.12.2015, os municipios deberán continuar prestando os mesmos servizos sociais e de promoción e reinserción social que antes da entrada en vigor da LRSAL. Con posterioridade a esa data poderían tamén prestar aqueles servizos sociais non englobados dentro do impreciso título de «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social», ben asumindo por delegación da Comunidade Autónoma a competencia en materia de servizos sociais, promoción e reinserción social (Art. 27.3.c] LRBRL e Disp. Transit. 2ª, apdo. 4, LRSAL), coas garantías implícitas agora en toda delegación desta natureza (financiamento, duración, cláusula de garantía de pagamento no exercicio das competencias delegadas ex Art. 57 bis LR-

BRL, etc.) ou ben exercéndoas como competencia distinta das propias e das delegadas previo cumprimento dos requisitos establecidos no novo Art. 7.4 da LRBRL.

Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que "non se entenderá como exercicio de novas competencias", entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

II

En base ás competencias indicadas e co obxecto de mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade e evitar o risco de exclusión social por este motivo, o Concello de Vigo convoca un ano máis a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, seguindo o procedemento que se indica nestas Bases e de acordo co marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003.

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto das bases reguladoras e da convocatoria

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión de axudas do programa denominado "Bono-taxi". Trátase de axudas económicas de carácter individual que concede o Concello de Vigo a persoas con discapacidade que, por ter gravemente afectada a súa mobilidade, non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo, ao obxecto de proporcionarlles un servizo de desprazamento en taxi.

SEGUNDA.- Finalidade das subvencións

Constitúen a finalidade das axudas económicas que se convocan, favorecer o desprazamento na cidade, mediante a utilización do servizo público de taxi, a aquelas persoas afectadas de graves dificultades de mobilidade e que non poden utilizar o transporte público colectivo.

TERCEIRA.- Financiamento

O importe total das subvencións a conceder na presente convocatoria non excederá do límite de 25.000€ e financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 "Subvención taxis discapacitados". Tendo en conta o crédito do que se dispón no momento da convocatoria, concederanse as axudas ata que se esgote o orzamento.

CUARTA.- Contía das subvencións

O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, repartíndose a contía mencionada no apartado anterior entre as persoas usuarias, segundo os tramos de ingresos que a continuación se sinalan, sendo a contía máxima por usuario de 300€ e a mínima de 100€ dende a concesión da subvención pola Xunta de Goberno Local, ata o 21 de decembro de 2015 (o día 22 xa non estará operativa a tarxeta).

Capacidade económica usuario:	Importe da subvención "Bono-taxi":
Entre 0 e 750€	300,00 €
Entre 751€ e 1.000€	200,00 €
Entre 1.001€ e 1,331,27€	100,00 €

Cando o Concello teña coñecemento, ata 1 de setembro do 2015, de que un usuario non vaia a facer uso da tarxeta (por falecemento, traslado fora do termo municipal, etc.) e o saldo existente sexa superior a 100,00€ será adjudicado á seguinte persoa da lista de agarda.

QUINTA.- Beneficiarios das subvencións

Poderán ser beneficiarios das axudas que se conceden ao abeiro da presente convocatoria, as persoas con discapacidade que teñan recoñecida unha minusvalía que afecte gravemente á súa mobilidade, impedíndolle a utilización dos transportes públicos colectivos, sempre que non se atopen comprendidas nalgunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- Requisitos dos solicitantes

Poderán solicitar a subvención destinada a "Bono-taxi" as persoas con discapacidade que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroadas no municipio de Vigo cunha antigüidade dun ano, anterior á apertura do prazo da convocatoria do ano 2015 e permanecer de alta no padrón municipal mentres perciba a axuda.
- b) Ter catro anos de idade cumpridos antes da finalización do prazo para solicitar as axudas.
- c) Ter recoñecida a condición legal de minusvalía que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de minusvalía emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia (baremo RD.1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E, F, G, H).
- d) Non constar como titular de vehículo automóbil propio.
- e) Non dispor duns ingresos brutos superiores a 2,5 do IPREM vixente (15.975,30€ anuais ou 1.331,27 mensuais).

f) Os recursos económicos teranse en conta para establecer a lista de concesión do “Bono-taxi”, que será por orde inversa á contía mensual da persoa solicitante e para a asignación do importe da subvención.

Para o cómputo dos recursos económicos teranse en conta a renda persoal bruta do solicitante do último exercicio fiscal .

- No caso de que a persoa solicitante teña cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal bruta a metade da suma dos ingresos de ambos membros da parella.
- No caso de que a persoa solicitante careza de ingresos valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, titor, etc). Neste caso calcularase a renda per cápita e deberán aportar a declaración do IRPF das persoas das que depende.

A renda per cápita calcularase tendo en conta a totalidade dos rendementos brutos derivados de:

- ➔ Rendementos do traballo
- ➔ Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario
- ➔ Rendementos das actividades económicas
- ➔ Outros rendementos que consten na declaración.

g) Estar ao corrente nos pagamentos coa AEAT, Concello de Vigo, Seguridade Social e Xunta.

SÉTIMA.- Solicitude e documentación

As axudas serán solicitadas polas persoas que pretendan ser usuarios ou por quen ostente a súa representación, nos supostos de menores de idade ou persoas con declaración de incapacidade. A solicitude, segundo modelo do Anexo I, irá acompañada da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI do solicitante e, no seu caso, DNI do representante legal e documentación acreditativa da patria potestade ou representante legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial).
- 2) Fotocopia do certificado oficial de minusvalía expedido polo Equipo de Valoración e Orientación, no que conste na súa valoración de mobilidade que ten dificultade para a utilización do transporte público colectivo. Aquelas persoas que teñen a certificación definitiva do EVO e xa solicitasen a subvención en anos anteriores non a presentarán de novo.
- 3) Declaración responsable (Anexo III) na que se faga constar:
 - Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición enumeradas no artigo 13 da L.38/2003, Xeral de subvencións e 10 da L.9/2007, de subvencións de Galicia e que non ten pendentes de pagamento débedas tributarias coa AEAT, Concello de Vigo, Seguridade Social e Xunta.
 - Que non é titular de vehículo automóbil propio.
 - Que acepta as actuacións de comprobación que acorde a Comisión de Valoración.
 - Que se compromete a utilizar a axuda unicamente para desprazamentos dentro do termo municipal de Vigo.

4) Xustificación documental dos recursos económicos:

4.1) Teranse en conta os ingresos da persoa solicitante, que achegará:

- *A última declaración da renda, autorizando ao Concello de Vigo para consultar os datos tributarios das persoas interesadas que obran na AEAT (segundo modelo que se anexa).*
- *Fotocopia do certificado, positivo ou negativo, das prestación/s ou nóminas que perciba.*

4.2) *No caso de que a persoa solicitante tivese cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos brutos da parella e terán que achegar a mesma documentación co solicitante.*

4.3) *Se o solicitante carece de ingresos, valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, fillo, titores, etc). Neste caso calcularase a renda per cápita familiar bruta. Achegarase a declaración da renda das persoas das que dependa.*

- 5) *Anexo IV-. Cesión de datos de carácter persoal á entidade encargada de emitir as tarxetas "Bono-taxi".*

O Departamento de Benestar social poderá solicitar calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento.

OITAVA.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes deberán formularse mediante instancia asinada pola persoa solicitante ou representante legal que deberá axustarse ao modelo normalizado que acompaña á presente convocatoria (Anexo I).

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial de Pontevedra. Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web www.vigo.org.

As solicitudes acompañaranse da documentación á que fai referencia a base sétima desta convocatoria.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase á persoa solicitante que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistida da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A solicitude implicará a autorización ao Concello de Vigo para que realice as actuacións de comprobación que resulten procedentes aos efectos de verificar a información facilitada polas persoas solicitantes, a concorrencia dos requisitos esixidos e o cumprimento das obrigas da persoa beneficiaria derivadas da concesión.

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nos demais rexistros e lugares previstos no artigo 38 da Lei de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

NOVENA.- Instrución e resolución das subvencións

O órgano competente para a instrución do procedemento das axudas será o servizo de “Persoas Maiores e Persoas con Discapacidade” do Departamento de Política de Benestar, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

O órgano instrutor incorporará informe no que se acredite que da documentación que ten no seu poder despréndese que todos os beneficiarios cumpren os requisitos estipulados.

A proposta de resolución para a concesión das subvencións corresponderá ó órgano instrutor previa avaliación da Comisión de Valoración formada polo Xefe de Área de Benestar social, a Xefa do Servizo e á técnica responsable do programa “Bono-taxi”, ou persoas en quen deleguen.

A Xunta de Goberno Local, por proposta da Comisión de Valoración, acordará conceder ou desestimar as subvencións con cargo á partida e polo importe máximo sinalado na base terceira da convocatoria.

DÉCIMA.- Prazo de resolución e de notificación

A Xunta de Goberno Local resolverá, de xeito motivado, a concesión ou desestimación das axudas solicitadas no prazo de dous meses, que se contará desde a data de terminación do prazo de presentación das solicitudes.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme o previsto no artigo 24 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo da publicidade que deste proceso se faga na paxina web www.vigo.org e no 010.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Compatibilidade da actividade subvencionada

A subvención desta convocatoria será compatible coa percepción doutras subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entidade.

DÉCIMO SEGUNDA.- Pagamentos

Esta subvención concrétase na concesión dunha axuda económica que será utilizada polas persoas beneficiarias nos seus desprazamentos persoais, facendo uso do servizo público de taxi dende o momento da concesión pola Xunta de Goberno Local e ata o 20 de decembro de 2015.

Os pagamentos serán efectuados a través dunha tarxeta prepago que se entregará a cada beneficiario da subvención.

DÉCIMO TERCEIRA.- Normas xerais de utilización

- a) Os servizos de taxi serán persoais, tendo como finalidade favorecer os desprazamentos mediante a utilización dos taxis públicos de Vigo.*

- b) *As tarxetas serán de uso exclusivo no Termo Municipal de Vigo.*
- c) *Cada beneficiario contará cunha tarxeta prepagamento na que se estamparán o seu nome e apelidos, sen custo algún para o beneficiario.*
- d) *A contía da subvención cargarase na tarxeta prepagamento no momento da concesión e iranse descontando os importes dos servizos realizados ata a finalización da cantidade concedida ou do prazo establecido.*
- e) *A titularidade de cada tarxeta emitida recaerá no Concello de Vigo, Departamento de Benestar social. O Concello de Vigo cederá os datos de nome, apelidos e teléfono móbil, previa autorización do beneficiario (LOPD) para a realización das operacións e procesos relativos á activación e xestión da tarxeta prepagamento, incluíndo o envío ao número de teléfono móbil dunha mensaxe SMS informando do PIN asociado á tarxeta e do saldo inicial dispoñible con cargo a ela.*
- f) *A persoas usuaria deberá asinar a tarxeta e, no momento do pagamento, fixarse no importe que asina.*
- g) *A tarxeta prepagamento para “Bono-taxi” estará operativa ata o 20 de decembro de 2014 (día 21 inoperativa), procedendo a súa destrución por parte do usuario.*
- h) *A tarxeta entregarase inactiva procedendo a entidade bancaria colaboradora á activación ás 72 horas dende a súa entrega polo Concello de Vigo. Esta activación farase mediante SMS, non sendo necesario acudir á entidade bancaria.*
- i) *Unha vez activada a tarxeta, será notificado ao beneficiario pola entidade bancaria colaboradora mediante SMS ao móbil que sinalou na súa solicitude. Se non aportou número de móbil a tarxeta activase igualmente.*
- j) *O número secreto de PIN comunicáraselle ao beneficiario da axuda a través de SMS ao seu móbil. No caso de non ter móbil, podería solicitalo en calquera oficina da entidade bancaria colaboradora amosando a tarxeta e verificando a súa identidade.*
- k) *Cada beneficiario/a poderá coñecer o saldo dispoñible da tarxeta a través da web <https://www.damemisaldo.com> ou na entidade bancaria colaboradora. Para isto será necesario dispor do PIN da tarxeta, que poderá ser modificado nos caixeiros da entidade bancaria.*
- l) *No caso de extravío, subtracción ou deterioro da tarxeta, o beneficiario deberá comunicalo no teléfono 902.121.314 identificándose como beneficiario da tarxeta prepagamento do Concello de Vigo.*
- m) *O uso indebido ou fraudulento da axuda poderá dar lugar, previa instrución do procedemento administrativo correspondente, á perda do dereito ao seu goce.*
- n) *Poderá utilizarse calquera taxi da cidade sempre que o taxista acepte pagamentos con este tipo de tarxeta e dispoña de conexión on-line cunha entidade financeira.*
- o) *Calquera anomalía que se observe na prestación do servizo será posta en coñecemento do Concello de Vigo.*

- p) *A operatividade da tarxeta restrinxirase ao uso do sector de actividade da categoría comercial "taxis"; desta forma garántese que o beneficiario da tarxeta soamente poderá utilizala no servizo público de taxis de Vigo.*

DÉCIMO CUARTA.- Réxime de recursos

Contra a presente convocatoria, as súas bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderán interporse os seguintes recursos:

- *Recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano municipal autor do acto administrativo no prazo dun mes a partir do día seguinte da notificación ou, no seu caso, publicación do acto que se recorra.*
- *Alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación/publicación do acto que se recorra.*

DÉCIMO QUINTA.- Tratamento de datos persoais

Os datos persoais que deban facilitar os solicitantes das axudas o serán aos efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter ditas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.

Os solicitantes das axudas serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco do tratamento dos seus datos persoais pola devandita Concellería, da finalidade da súa obtención, do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poida ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO.15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

DÉCIMO SEXTA.- Norma final

En todo aquilo non previsto na presente convocatoria, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento (RD 887/2006, do 21 de xuño), a lexislación básica do Estado de Réxime local, a L.9/2007, de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2015, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Asdo:.....

DOCUMENTACIÓN

- 1) Fotocopia do DNI do solicitante e, no seu caso, DNI do representante legal. E documentación acreditativa da patria potestade ou representante legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial).
- 2) Fotocopia do certificado oficial de minusvalía expedido polo Equipo de Valoración e Orientación, no que conste na súa valoración de mobilidade que ten dificultade para a utilización do transporte público colectivo. Aquelas persoas que teñen a certificación definitiva e xa solicitasen a subvención en anos anteriores non a terán que presentar de novo.
- 3) Declaración responsable, Anexo III, na que se faga constar:
 - Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, entre outros (Non ter pendentes de pagamento débedas tributarias coa AEAT, co Concello de Vigo, coa Seguridade Social e coa Xunta)
 - Non ser titular de vehículo automóbil propio.
 - Aceptar as actuacións de comprobación que acorde a Comisión de Valoración.
 - Utilizar a axuda unicamente para desprazamentos dentro do termo municipal .
- 4) Xustificación documental dos recursos económicos:
 - 4.1) Teranse en conta os ingresos da persoa solicitante que achegará:
 - A última declaración da renda, autorizando ao Concello de Vigo para consultar os datos tributarios das persoas interesadas, que obran na Axencia estatal da Administración Tributaria (segundo modelo que se anexa).
 - Fotocopia do certificado positivo ou negativo das prestación/s ou nóminas que perciba.
 - 4.2) No caso de que a persoa solicitante tivera cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos da parella, e terán que achegar a mesma documentación co solicitante.
 - 4.3) Se o solicitante carece de ingresos, valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, fillo, titores, etc.). Neste caso calcularase a renda per cápita familiar. Achegarase a declaración da renda das persoas das que dependa.
- 5) Anexo IV - Cesión de datos de carácter persoal á entidade colaboradora encargada de emitir as tarxetas “Bono-taxi”.

O Departamento de Benestar social poderá solicitar calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento.

ANEXO II

CONVOCATORIA 201..

AUTORIZACIÓN SOLICITUDE DATOS

D/Dª.....NIF.....

AUTORIZO ao Concello (Concellería de Política de Benestar) a solicitarlles ás Administracións Públicas a documentación necesaria para completar a presente solicitude

De acordo co previsto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, “Lei de protección de datos de carácter persoal”, quedo informado/a de que os datos incluídos nesta solicitude, serán rexistrados en ficheiros automatizados responsabilidade do Concello de Vigo para xestión de usuarios con acceso aos ficheiros con datos de carácter persoal, e está prevista a cesión dos ditos datos á entidade colaboradora.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderei exercitalos nos termos previstos na citada lei.

Vigo, ___ de _____ de 201

Asdo:

.....

D/Dª.....NIF.....

AUTORIZO ao Concello (Concellería de Política de Benestar) a solicitarlles ás Administracións Públicas a documentación necesaria para completar a presente solicitude

De acordo co previsto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, “Lei de protección de datos de carácter persoal”, quedo informado de que os datos incluídos nesta solicitude, serán rexistrados en ficheiros automatizados responsabilidade do Concello de Vigo para xestión de usuarios con acceso aos ficheiros con datos de carácter persoal, e está prevista a cesión dos ditos datos á entidade colaboradora.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderei exercitalos nos termos previstos na citada lei.

Vigo, ___ de _____ de 201

Asdo:

ANEXO III

CONVOCATORIA 201..

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A SOLICITANTE DA AXUDA

Don/Dona _____, con DNI/NIF núm. _____

Representante legal

Don/Dona _____, con DNI/NIF núm. _____

Declaro baixo a miña responsabilidade:

- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións e, en particular, non ter pendentes de pagamento débedas tributarias coa AEAT, co Concello de Vigo coa Seguridade Social e coa Xunta.
- Non ser titular de vehículo automóbil propio.
- Aceptar as actuacións de comprobación que acorde a Comisión de Valoración.
- Utilizar a axuda para desprazamentos dentro do termo municipal.

Vigo,dede 201

O/a solicitante ou representante legal

Asdo:.....

ANEXO IV

CONVOCATORIA 201..

CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

“Eu, Don/Dona....., con
DNI/NIF número.....,

Representante legal
Don/Dona....., con
DNI/NIF número.....,

Quedo informado/a de que, por virtude do contrato de servizos bancarios subscrito entre o CONCELLO DE VIGO e, esta última é a entidade financeira emisora das Tarxetas Prepagamento da marca VISA das que o CONCELLO DE VIGO dispón e ofrece no eido das axudas aos discapacitados. En consecuencia, consinto que os datos do meu nome, apelidos e número de teléfono móbil sexan comunicados polo CONCELLO DE VIGO a..... coa finalidade de que esta última poida tratalos e utilizalos para emitir ao meu favor, estampar e gravar a correspondente Tarxeta Prepagamento da marca VISA, da que será titular o CONCELLO DE VIGO, así como para realizar as operacións e procesos relativos á súa activación e xestión, incluíndo o envío ao meu número de teléfono móbil dunha mensaxe SMS informándome do PIN asociado á Tarxeta Prepagamento e do saldo inicial dispoñible con cargo a ela, así como doutras mensaxes SMS informándome das recargas que, no seu caso, o CONCELLO DE VIGO efectúe. Quedo así mesmo informado de que, en relación cos meus datos de carácter persoal comunicados polo CONCELLO DE VIGO á, poderei exercer, nos termos previstos na lexislación vixente, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndome por escrito ao Servizo de Atención ao Cliente de, no seguinte enderezo:

Vigo, de de 201..
O/a solicitante ou representante legal

3(164) .- ACEPTACIÓN RENUNCIA AXUDA “PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN 2014”. EXPTE. 97420/301.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, conformado pola xefa de Benestar Social, o xefe de dita Área e a concelleira delegada da Área de Política de Benestar, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30.05.2014 acordou aprobar as Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014», elaborado polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 95335/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2014 consignouse unha partida por importe de 2.000.000 de euros destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”).

I.4. As Bases do Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal (<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=328&lang=gae>) e no BOP de Pontevedra nº 114, do 16.06.2014 (corrección de erro: BOP nº 138, do 18.07.2014). O prazo de presentación de solicitudes comezou o 17.06.2014 e rematou o 14.07.2014.

I.5. Durante ese prazo presentáronse no Rexistro xeral municipal un total de 1.971 solicitudes, que foron tramitadas polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos ó abeiro do Art. 71 da L.30/1992 (LRX-PAC). A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. Rematada a instrución do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 30.09.2014).

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 08.10.2014 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder ás 1.253 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 140075416 e remata co nº 140112807), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALI-

MENTACIÓN – 2014». O gasto total (1.799.956,35 €) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética” (RC - 50821).

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 718 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 140075485 e remata co nº 140090851) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos na web municipal, no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Departamento de Política de Benestar.

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccetes. da Lei 29/98)

QUINTO.- Dar conta que con data 1 de outubro de 2014 asinouse solicitude do libramento a xustificar para o pago das axudas extraordinarias a familias 2014, conformado pola Concelleira Delega de Facenda. A soliciude de libramento foi enviada a intervención o 6 de outubro de 2014».

I.8. Nese Anexo I figura como concedida a solicitude de axuda presentada por D^a Gladys Mariela Perdomo Cazard, cunha puntuación de 9 puntos e unha contía a percibir de 1.243,35€ que se aboaría na forma prevista nas Bases. O detalle desta axuda é o seguinte:

Concepto	Importe	Forma Pagamento
Aluguer/hipoteca	445,75 €	Cheque
Aluguer/hipoteca	445,75 €	Cheque
Aluguer/hipoteca	351,85 €	Cheque

I.9. O 31.10.2014 tivo entrada no Rexistro xeral municipal unha instancia da Sra. Perdomo (Doc. nº 140132636) comunicando a súa RENUNCIA a axuda concedida, manifestando que non paga a hipoteca desde hai dous anos.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).

- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministradores e alimentación – 2014 (Concello de Vigo; XGL 30.05.2014; BOP nº 114, do 16.06.2014).
- Bases de execución do Orzamento xeral do ano 2014 – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Dispón o Art. 42.1 da LRX-PAC que a Administración está obrigada a ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación e que nos casos de renuncia do dereito a resolución consistirá na declaración da circunstancia que conorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

III.2. Calquera interesado pode renunciar voluntariamente ó seu dereito (neste caso, a percibir unha subvención pública) cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico e non existan terceiros interesados que insten a súa continuación. Poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Admón. deberá, en ausencia dun interese xeral que aconselle a continuación do procedemento, aceptar de vez a renuncia (Arts. 90-91 LRX-PAC).

III.3. No caso presente, aínda admitindo a existencia dun posible terceiro interesado no aboamento desa axuda, a entidade hipotecaria, o certo é que a súa finalidade básica non é, en abstracto, o pagamento de débedas pendentes en concepto de aloxamento (aluguer/hipoteca), senón a de lograr que con eses pagamentos se garanta efectivamente a continuidade no uso da vivenda habitual por parte dos beneficiarios da axuda municipal, procurando evitar así as indesezables consecuencias dun desafiuzamento (Exp. Motivos Bases, Apdo. IV, Pfo. 3º e Base sexta).

Pois ben, tendo en conta que a interesada recoñeceu expresamente que leva dous anos sen pagar a hipoteca e que consta no expediente documentación relativa á execución hipotecaria instada por “Bankia, S.A” (o que, á marxe da sorte procesal dos concretos autos de execución seguidos no procedemento nº 217/2013, revela a súa vontade de proceder á execución e lanzamento dos debedores), o aboamento neste caso a esa entidade de parte das cotas hipotecarias debidas (menos de 3 mensualidades completas) non garantiría en absoluto a continuidade no uso da vivenda familiar e, en consecuencia, frustraríase a finalidade concreta da axuda concedida.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 42.1 e 90-91 da LRX-PAC, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

en zonas verdes e parques e xardíns, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a MOYCOSA, S.A. a fianza de 1.321,49 euros, constituída para responder de subministración e instalación de bancos en zonas verdes e parques e xardíns, xa que foi recibida conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(168).- PROXECTO DE CONVENIO COA FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO PARA O FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES DO MUSEO E DO CAT DURANTE O ANO 2015. EXPTE.1105/341.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.02.15, o informe de fiscalización do 11.02.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Museos municipais, do 3.02.15, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro de Industria, Turismo, Cultura e Festas e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

RESOLUCIÓN DE INICIO DO EXPEDIENTE.-

Con data 23 de xaneiro de 2015, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, Cayetano Rodríguez Escudero, resolveu que polo xefe do servizo de museos municipais se inicie o expediente de subvención nominativa a favor da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, para o funcionamento e actividades do Museo Liste e do Centro de Artesanía Tradicional (CAT) para o exercicio 2015.

ANTECEDENTES.-

A Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, CIF G36855310, constitúese en escritura pública o 15 de xuño de 1999 na Casa do Concello de Vigo, diante do notario Mariano Vaqueiro Rumbao, protocolo num 1.361.

A Fundación promóvese polo Concello de Vigo e D. Olimpio Liste Regueiro, en virtude do convenio que subscribiran as partes e aprobado polo Pleno da Corporación Municipal do Concello de Vigo, na súa sesión do 5 de outubro de 1998.

Os Estatutos da Fundación establecen no seu artigo 21 as seguintes finalidades

- a) A protección, promoción e defensa do patrimonio etnográfico, nos termos definidos na lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia (art 64 e concordantes) e na lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español (art 46 e concordantes).
- b) A creación e xestión do Museo Etnográfico Liste de Vigo, conforme á normativa reitora destas institucións;
- c) Desenvolver actividades de recuperación, investigación, formación, conservación e difusión do patrimonio etnográfico de Galicia.

Composición do Padroado da Fundación.-

Artigo 15. e 13 dos Estatutos da Fundación.

Presidente.- D. Olimpio Liste Regueiro, con carácter vitalicio. Co falecemento deste corresponden a Presidencia a súa esposa D^a Josefina Fernández Mosquera ou á súa filla D^a Araceli Liste Fernández ou ao fillo desta D. Atreo Francisco Lozano Liste. Se todos os citados faleceran ou tiveran

imposibilidade legal de exercer a presidencia, recaería na persoa nomeado polo Concello de Vigo en Pleno.

Vicepresidente.- Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

Secretario.- Será designado polo Presidente da Fundación, previa proposta pola maioría de dous terzos do Padroado.

Membros.-

a) Dous membros representantes do Concello de Vigo.

b) Dous membros designados por Olimpio Liste Regueiro (e no seu defecto polas persoas previstas nos Estatutos, art 13.1.b) e 15.2).

c) Un representante da Xunta de Galicia, nomeado por esta institución.

d) Unha persoa de recoñecido prestixio no ámbito do obxecto da Fundación designada conxuntamente polos dous grupos de membros a) e b).

Cambios no Padroado da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo.-

Con data 3 de outubro de 2013 realizouse reunión extraordinaria do Padroado da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo para proceder ao cambio na Presidencia con motivo do falecemento de D. Olimpio Liste Regueiro o 15 de setembro de 2013.

Nesa sesión produciuse a aceptación formal do cargo por D^a Josefina Fernández Mosquera de acordo coas previsións estatutarias e a carta fundacional da Fundación. Deste cambio a Fundación deu conta ao Rexistro de Fundacións o 4 de outubro de 2013.

Con data 12 de decembro de 2013 a Fundación presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo a comunicación do citado acordo do Padroado e da realización do trámite no Rexistro de Fundacións, achegando copia dos dous documentos.

Con data 17 de decembro de 2013 realizouse unha sesión ordinaria do Padroado da Fundación Liste -Museo Etnográfico de Vigo, que no punto 5.- a proposta da Presidencia incorporou ao Padroado da Fundación a D^a Victoria Vázquez López, aceptando a interesada o nomeamento na mesma sesión. Este nomeamento cubre a vacante que deixa D^a Josefina Fernández Mosquera ao ocupar a Presidencia da Fundación por falecemento de D. Olimpio Liste de acordo co art. 15.1. dos Estatutos da Fundación.

Composición actual do Padroado da Fundación.-

Presidenta.- D^a Josefina Fernández Mosquera (de acordo co art. 15.1. dos Estatutos da Fundación).

Vicepresidente.- Alcalde do Concello de Vigo.

Secretario.- D. Manuel Corredera Hernández; que fora designado polo Presidente da Fundación, previa proposta pola maioría de dous terzos do Padroado.

Membros.-

a) Dous membros representantes do Concello de Vigo: D. Cayetano Rodríguez Escudero e D. Manuel Robles González.

b) Dous membros designados por Olimpio Liste Regueiro (e no seu defecto polas persoas previstas nos Estatutos, art 13.1.b) e 15.2), con carácter vitalicio).

D^a. Araceli Liste Fernández e D^a Victoria Vazquez López (que substitue a D^a Josefina Fernández Mosquera que actualmente ostenta a Presidencia por falecemento de D. Olimpio Liste Regueiro).

c) Un representante da Xunta de Galicia, nomeado por esta institución.

d) Unha persoa de recoñecido prestixio no ámbito do obxecto da Fundación designada conxuntamente polos dous grupos de membros a) e b): actualmente D Enrique Ares Gómez)

Declaracións de interese cultural e interese galego.

A Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, foi clasificada de interese cultural, por orde de 1 de setembro de 1999, da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG num 175, do 9 de

xuño de 1999); e foi declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de Fundacións por orde de 18 de outubro de 1999 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (DOG num 217, do 10 de novembro de 1999). Nesta última data a Fundación tamén quedou inscrita no Rexistro de Fundacións do Protectorado que, pola súa declaración de interese galego, lle corresponde á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

De acordo coa Lei 11/1991 de 8 de novembro, da nova redacción do artigo 21.2º da lei 7/1983, a Fundación ten que asumir, entre outras obrigas, as seguintes: formular e presentar o orzamento de ingresos e gastos ao protectorado con anterioridade ao inicio do exercicio económico; efectuar un inventario-balance, pechado na data de finalización do exercicio, unha memoria de actividades realizadas durante o ano e a xestión económica do patrimonio; a liquidación de orzamento de ingresos e gastos do ano anterior, que deberá presentar ao protectorado no prazo de seis meses dende a data de peche do exercicio.

CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL DE VIGO (CAT).-

Ata o verán de 2011 a actividade e funcionamento do CAT estaba adscrito á Concellería de Patrimonio Histórico, a través da contratación de servizos prestados por empresas. Con data 26 de agosto de 2011 a Xunta de Goberno Local acordou renunciar á realización da contratación de servizos técnicos no Centro de Artesanía Tradicional, por razóns de interese público motivadas na reorganización de servizos municipais encamiñada a un mellor aproveitamento de recursos técnicos e económicos.

Con data 1 de agosto de 2011 a Alcaldía modificara a resolución de delegación de competencias nos concelleiros/as e atribuíu á concellería da Área de Cultura, Festas e Museos “o impulso, promoción, xestión e coordinación dos Museos da cidade” entre os que cita expresamente o Centro de Artesanía Tradicional de Vigo.

Na achega do Concello de Vigo á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, correspondente ao exercicio económico de 2012 xa se inclúen por primeira vez as actividades e funcionamento do CAT (Centro de Artesanía Tradicional). Esta situación volveuse producir en 2013, tanto pola denominación da partida “Achega á Fundación Liste e CAT” que asocia aos dous centros, como polos escritos entre Concello á Fundación e polo proxecto de actividades presentado pola Fundación.

O servizo de Patrimonio Histórico nas bases técnicas que regulaban as contratacións de servizos do CAT establecía que “o Concello de Vigo constituía o principal soporte económico da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, dende a que se traballa na investigación, promoción e difusión do patrimonio etnográfico de Galicia. Deste xeito, dende o CAT (...) débense establecer mecanismos de coordinación con esta Fundación, tentando delimitar unha liña de actuación conxunta no que o patrimonio etnográfico se refire”.

Por estas razóns, considerouse que as actuacións da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo e as do CAT resultan converxentes e unha vez que o goberno municipal motivou a reorganización de servizos e competencias municipais, resulta congruente a oferta que o propio goberno municipal lle fixera á Fundación Liste para asumir o desenvolvemento da actividade do CAT na liña de fomentar a difusión dos oficios tradicionais, como valores etnográficos, especialmente os relacionados con Vigo e o seu ámbito de influencia. De todas formas esta idea de fomentar a difusión dos oficios tradicionais a través do Museo Liste, non parece incluír a súa promoción no sentido de potenciais, recuperalos, formar aos artesáns, etc.; que resultan competencias máis propias doutros ámbitos formativos, de promoción económica, do emprego ou da produción artesá.

XESTIÓN DA SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO PARA ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO NO EXERCICIO ECONÓMICO 2015.

Con data 22 de xaneiro de 2015 a Fundación Liste presenta polo Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de subvención para o ano 2015, e achega a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN.-

A Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo ten achegado a seguinte documentación para subvención nominativa de actividades e funcionamento 2015 do Museo Liste e do CAT (Centro de Artesanía Tradicional):

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.

PRESUPOSTO E PROGRAMA ACTIVIDADES.

- *Solicitude de subvención (Rexistro Xeral do 22 de xaneiro de 2015)*
- *Presuposto económico e de actividades 2015, Museo Liste Etnográfico de Vigo e CAT (presentado xunto coa solicitude de subvención e aprobado polo Padroado da Fundación Liste Museo Etnográfico na súa sesin ordinaria do 12 de decembro de 2014).*

CERTIFICACIÓNS E DECLARACIÓNS.-

- *Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.*
- *Certificación da Consellería de Facenda de estar ao corrente nos pagamentos á Comunidade Autónoma.*
- *Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas.*
- *Certificación do Concello de Vigo de estar ao corrente nos pagamentos.*

- *Declaración da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo de beneficiaria de subvencións de acordo co establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

DOCUMENTACIÓN DA ENTIDADE.-

A seguinte documentación da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo xa se encontraba no servizo de Museos:

- *Copia do CIF da persoa física ou xurídica perceptora da subvención.*
- *Copia do DNI da persoa representante da entidade con capacidade de sinatura do convenio ou de aceptación da subvención (presentada no Rexistro Xeral, con data 12 de febreiro de 2014).*

- *Escritura de constitución da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Estatutos, copias de diversos acordos do Pleno do Concello de Vigo, copia do convenio Concello-Olimpio Liste (en virtude de acordo plenario do 5 de outubro de 1998).*
- *Copia da orde de 1 de setembro de 1999, da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG num 175, do 9 de xuño de 1999); pola que a Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, foi clasificada de interese cultural;*
- *Copia da orde de 18 de outubro de 1999 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (DOG num 217, do 10 de novembro de 1999); pola que a Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo foi declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de Fundacións.*

CONFORMIDADE CO PROXECTO DO CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN.

Con data 29 de xaneiro de 2015 o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos achega á Presidenta da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo o proxecto de convenio para

funcionamento e actividades da Fundación, Museo e CAT en 2015, que se someterá á Xunta de Goberno Local e que figura no Anexo deste informe-proposta, para conformidade si o considerase. Con data 30 de xaneiro a Presidencia presenta, a través do Rexistro Xeral, expresa as súa conformidade coa proposta de proxecto de convenio.

ORZAMENTO 2015.-

Na documentación achegada pola Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo con data inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2015, que ascende a un total de 145.000,00 €.

Gastos.- A distribución dos gastos establécese nos seguintes grupos:

- Publicacións: 2.200,00 €
- Gastos de persoal Fundación Liste: 107.672,62 €
- Gastos de persoal CAT-Fundación Liste: 6.241,92 €
- Outros gastos (reparacións, conservación, servizos profesionais, seguros, servizos bancarios, subministrados, comunicacións, outros): 12.196,00 €
- Gastos financeiros e asimilados: 1.666,00 €
- Gastos actividades didácticas e difusión: 15.023,46 €

Ingresos.- A previsión de ingresos provén de:

- Achega do Concello de Vigo: 140.000 € (96,55 %)
- Resultado de explotación do Museo: 2.000 € (1,38%)
- Resultado de explotación da actividade Mercantil de tenda: 3.000 € (2,07%)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, para funcionamento e actividades do Museo e do CAT (Centro de Artesanía Tradicional de Vigo) durante o ano 2015, axustarase ao establecido na seguinte normativa:

- Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003);
- Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007);
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003;
- Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e
- restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2014, prorrogado no exercicio económico de 2015, como polo interese público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade da citada Fundación promovida polo propio Concello de Vigo e D Olimpio Liste Regueiro para xestionar Museo e recuperar, conservar e difundir o patrimonio etnográfico de Galicia; quedando acreditada a concordancia do seu programa de actividades cos seus fins recollidos nos seus Estatutos e documento de constitución, de tal forma que non é susceptible de concorrencia competitiva.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que esta xefatura redactou o proxecto de convenio correspondente a este asunto; que se anexa ao informe-proposta.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS.-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, ten como obxecto financiar o programa de actividades e funcionamento do Museo Liste e do CAT (Centro de Artesanía Tradicional de Vigo) no ano 2015 con cargo ao presuposto prorrogado do Concello de Vigo, partida 3330.489.00.00 "Aportación á Fundación Liste e CAT".

A subvención do Concello de Vigo á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo é compatible con outras subvencións, axudas ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO.

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

A documentación presentada pola Fundación Liste Museo Etnográfico de Vigo, resulta axeitada para acreditar o cumprimento dos seus fins e actividades, polo que, por parte do Servizo de Museos Municipais considérase que se debe outorgar a subvención á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo. É por isto que, coas conformidades do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, tras os informes xurídico (do Secretario da Administración xeral) e da Intervención Municipal, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Outorgar unha subvención de 140.000 € (cento corenta mil euros) á FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO, CIF G36855310, de acordo coa documentación presentada por esta entidade, para o financiamento do funcionamento e actividades do Museo Liste- Etnográfico de Vigo e o Centro de Artesanía Tradicional de Vigo (CAT), con cargo ao presuposto do Concello de Vigo prorrogado do exercicio económico 2014, partida 3330.489.00.00.

SEGUNDO.- A subvención que outorga o Concello de Vigo á FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO, para funcionamento e actividades do Museo e do CAT (Centro de Artesanía Tradicional de Vigo) durante o ano 2015, axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003); Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007; Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003; bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto prorrogado de 2013 do Concello de Vigo, como polo interese público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade da citada Fundación promovida polo propio Concello de Vigo e D Olimpio Liste Regueiro para xestionar Museo e recuperar, conservar e difundir o patrimonio etnográfico de Galicia; quedando acreditada a concordancia do seu programa de actividades cos seus fins recollidos nos seus Estatutos e documento de constitución, de tal forma que non é susceptible de concorrência competitiva.

TERCEIRO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do funcionamento e actividades do Museo Etnográfico Liste e Centro de Artesanía Tradicional de Vigo (CAT) correspondentes ao orzamento de 2015. De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO PARA ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO NO EXERCICIO ECONÓMICO 2015

En Vigo, a _____ de dous mil quince.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Cayetano Rodríguez Escudero na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na praza do Rei s/nº, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra, Dna. Josefina Fernández Mosquera como presidenta da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, CIF G36855310 con enderezo social na rúa da Pastora nº 22, de Vigo, en representación da mesma, no sucesivo A FUNDACIÓN.

MANIFESTAN

–D. Cayetano Rodríguez Escudero, actúa na súa calidade de concelleiro-delegado, de acordo coa Decreto de Delegación de Alcaldía de 29 de xullo de 2014, do acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014, e Dna. Josefina Fernández Mosquera, actúa na súa calidade de Presidenta da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo conforme ás competencias que lle atribuen os Estatutos da Fundación.

–O Concello de Vigo promoveu xunto con D. Olimpio Liste Regueiro e a súa esposa Dna. Josefina Fernández Mosquera a Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, que se constituíu o 19 de xuño de 1999, coa finalidade de procurar a protección, promoción e defensa do patrimonio etnográfico de Galicia, a creación e xestión do Museo Etnográfico Liste de Vigo.

–A Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo foi clasificada de Interese Cultural por Orde da concellería da Presidencia e Administración Pública de 1 de setembro de 1999, e declarada de Interese galego pola concellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o 18 de outubro de 1999.

–Para o seu cumprimento das finalidades da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo o Concello de Vigo ven subscribindo diversos convenios para garantir o seu normal funcionamento; de acordo co establecido no convenio entre o Concello de Vigo e D. Olimpio Liste Regueiro, aprobado polo Pleno da Corporación municipal o 5 de outubro de 1998, no sentido de realizar as achegas polo Concello que se poidan consignar no orzamento municipal para o desenvolvemento das actividades da Fundación.

–A subvención que outorga o Concello de Vigo á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, para funcionamento e actividades do Museo e do CAT (Centro de Artesanía Tradicional de Vigo) durante o ano 2015, axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003); Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007; Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003; bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

–A FUNDACIÓN reúne a condición de beneficiario da subvención e, de acordo cos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias detalladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo.

–O presente convenio subscríbese de acordo co disposto nos artigos 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que establecen que o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente; tendo ademais carácter de bases reguladoras da achega, como tamén o ten o acto de concesión.

En consideración ao antes exposto, o CONCELLO e a FUNDACIÓN establecen a súa relación mediante o presente convenio, composto polas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada á FUNDACIÓN pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, con data _____ con destino ao programa das actividades e funcionamento do Museo Liste Etnográfico de Vigo e Centro de Artesanía Tradicional de Vigo (CAT) correspondentes ao orzamento de 2015.

As liñas xerais do programa da FUNDACIÓN consistirán, basicamente, na xestión do funcionamento dos centros citados, e no desenvolvemento das súas actividades: exposicións permanentes, exposicións temporais, actividades didácticas, obradoiros, investigacións, xornadas, difusión, etc., así como calquera outra actividade derivada da finalidade da FUNDACIÓN prevista nos seus estatutos.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a 145.000 €, de acordo co detalle que aparece no Anexo I. A FUNDACIÓN financiará o seu programa do seguinte xeito:

- 140.000,00 € (cento corenta mil euros) con cargo ao presuposto do Concello de Vigo, partida 3330.489.00.00 “Aportación á Fundación Liste e CAT” do presuposto municipal prorrogado do exercicio económico 2014; que supoñen o 96,55 % do total do presuposto.
- 2.000,00 €, resultantes da actividade do Museo Liste (1,38 %)
- 3.000,00 €, resultantes da actividade mercantil de tenda (2,07%)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

As datas, horarios e lugares da actividade e servizos obxecto deste convenio están establecidos na memoria de actividades presentada pola Fundación Liste e terán lugar

no Museo Liste (rúa Pastora 22 de Vigo) e Centro de Artesanía Tradicional de Vigo (su-
bida ao Castelo de Vigo), do que se inclúe resumen de actividades no Anexo II.

CUARTA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN EN RELACIÓN COA SUBVENCIÓN DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DO MUSEO LISTE E CAT NO ANO 2015.

1. Cumprir coas finalidades fundacionais da FUNDACIÓN recollidas estatutariamente e realizar as xestións, actuacións e programas previstos nos seus orzamentos anuais.
2. Establecer a entrada gratuíta ao Museo Etnográfico Liste de Vigo para as asociacións da terceira idade do Concello de Vigo, así como para os grupos de escolares procedentes de centros educativos do termo municipal de Vigo.
3. Colaborar co CONCELLO no establecemento de mecanismos de coordinación no ámbito da protección, conservación e difusión do patrimonio etnográfico.
4. Colaborar coas entidades culturais e veciñais na realización de proxectos encamiñados á recuperación, promoción e difusión do patrimonio etnográfico das parroquias da cidade.
5. Participar na Comisión Técnica de de Colaboración prevista na cláusula quinta deste convenio.
6. Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento, tanto directos como indirectos.
7. Responsabilizarse da organización integral das actividades, servizos e funcionamento do Museo Liste e do CAT.
8. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co Art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades e servizos, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión (Art. 17.3 da citada lei).
9. A concesión da subvención á FUNDACIÓN implica a aceptación das súas obrigas sinaladas na resolución de concesión, no presente convenio regulador e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

QUINTA.- OBRIGAS DON CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS.

1. Colaborar coa FUNDACIÓN no desenvolvemento dos seus fins e obxectivos, especialmente fomentando a súa participación nos servizos e equipamentos municipais da súa Rede Museística e Expositiva.
2. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa, servizos e funcionamento do Museo Liste e CAT, que xestiona a FUNDACIÓN.
3. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tralo cumprimento dos requisitos de xustificación pola FUNDACIÓN, coas conformidades necesarias.

Comisión Técnica de Colaboración.-

Con obxecto de favorecer o desenvolvemento das finalidades da FUNDACIÓN e a súa participación na Rede Museística e Expositiva do Concello de Vigo, crearase unha Comisión Técnica de Colaboración, integrada por dúas persoas designadas pola concellería-delegada de Cultura e outras dúas pola Presidencia da Fundación.

A Comisión Técnica de Colaboración reunirse unha vez ao trimestre ou cando o estime necesario, e terá as seguintes funcións:

Establecer mecanismos de coordinación entre o Museo Liste e o CAT co resto da Rede Museística e Expositiva, para procurar a unificación e complementariedade de contidos, oferta ao público, calendario, difusión, etc.

A valoración do desenvolvemento das actividades e servizos do Museo Liste e CAT.

A realización de propostas sobre novas iniciativas no ámbito da protección, conservación e difusión do patrimonio etnográfico.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención á FUNDACIÓN é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a FUNDACIÓN informará sobre o desenvolvemento das actividades e do funcionamento do Museo Liste e do CAT; así como das modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A Concellería-delegada de Cultura, Festas e Museos podería determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución de determinados elementos do programa, sempre que non alteren sustancialmente o obxecto da subvención, o funcionamento dos centros e os seus programas de actividades; de acordo co previsto no apartado 8 da cláusula cuarta do presente convenio.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados; ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

De acordo co establecido no artigo 15.3 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do CONCELLO, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería da Área de Cultura, Festas e Museos.

A FUNDACIÓN asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao Museo Liste ou CAT, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do CONCELLO figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do CONCELLO, na difusión deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá enviarse ao Servizo de Museos, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias á FUNDACIÓN, aos servizos, actividades, CONCELLO e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual subvencionado no seu conxunto pola Administración Municipal. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rol-das de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura, Festas e Museos.

A FUNDACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das actividades ou eventos.

A FUNDACIÓN tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do CONCELLO, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionados as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O CONCELLO xestionará o pagamento á FUNDACIÓN do importe da subvención outorgada para as actividades e funcionamento no ano 2015 do Museo Liste-Etnográfico de Vigo e Centro de Artesanía tradicional de Vigo, de acordo co seguinte calendario de tramitación:

- a) Unha primeira achega, por importe máximo de 35.000,00 € tras a aprobación da subvención pola Xunta de Goberno Local.*
- b) Unha segunda achega, por importe máximo de 35.000,00 € antes do 30 de xuño de 2015 ou dentro do mes seguinte á concesión.*
- c) Unha terceira achega, por importe máximo de 35.000,00 € antes do 30 de setembro de 2015, en todo caso antes da data límite para a liquidación.*
- d) Unha cuarta achega, por importe de 35.000,00 € ou polo contía pendente respecto ao total da achega outorgada, ata o día 11 de decembro de 2015, xunto coa liquidación da subvención, ou cunha semana de antelación respecto á data que establecera a Intervención Xeral nas instrucións sobre as operacións de peche de exercicio.*

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas.-

As tres primeiras achegas terán a consideración de pagamentos a conta da subvención outorgada, e a cuarta terá carácter de liquidación; en todos os casos a FUNDACIÓN presentará:

- a) Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do CONCELLO.*
- b) Informe sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da FUNDACIÓN relativo ao período solicitado.*
- c) Relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento dos centros, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.*
- d) Documentos orixinais acreditativos do gasto de acordo co establecido neste convenio e na normativa sobre subvencións.*
- e) Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e pagamentos; emitidas pola AEAT, Consellería de Facenda, Seguridade Social e Concello de Vigo.*

- f) *Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do CONCELLO tres exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos; dentro do período de xustificación. No caso que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse expresamente esta circunstancia.*
- g) *Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación.*
- h) *Acreditación da difusión do carácter público do financiamento, por parte do CONCELLO, do programa de actividades e funcionamento; particularmente nos propios centros, páxina web, publicacións, presentacións e difusión de actividades.*
- i) *Os gastos de persoal xustificaranse cos contratos de traballo (copias compulsadas no primeiro trámite de pagamento e nos sucesivos, senón houbera cambios, unha declaración da Presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).*

Para a segunda achega.-

Xunto coa xustificación da segunda achega da subvención A FUNDACIÓN presentará a través do Rexistro Xeral do CONCELLO os seguintes documentos: aprobación da liquidación dos orzamentos da Fundación do ano 2014, aprobación dos orzamentos de 2015 e acreditación da presentación destes dous documentos perante dos órganos competentes en materia de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia.

Para a liquidación da subvención.-

Para a liquidación da subvención, e cuarta achega de 2015, a FUNDACIÓN presentará a seguinte documentación ata o día 11 de decembro de 2015:

- a) *Solicitude polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.*
- b) *Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da FUNDACIÓN no exercicio 2015, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:*
 - *Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).*
 - *Memoria de prensa.*
 - *Memoria económica xustificativa, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.*
 - *Documentación orixinal xustificativa dos gastos efectuados con cargo á mesma, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións .*

A xustificación da subvención realizarase no prazo previsto neste convenio e de acordo coa normativa vixente; de non xustificarse nos prazos previstos o beneficiario, neste caso a FUNDACIÓN, perderá o dereito á mesma.

As facturas orixinais vinculadas ao proxecto subvencionado, ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporaranse xunto coa relación das facturas.

As facturas deberán recoller os datos do emisor, número de CIF, a data, o número, os conceptos e importes desglosados, o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do CONCELLO; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento de obrigas de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que a FUNDACIÓN xustifique que estea exenta de IVE; os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente co obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado da factura orixinal (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade da entidade beneficiaria que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

A liquidación do pagamento da subvención e das achegas parciais está condicionado á conformidade da Concelleira-Delegada da Área de Cultura, Festas e Museos, despois dos informes técnicos necesarios.

A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar con terceiros ata o 75 % das actividades subvencionadas. Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades ás que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia

A FUNDACIÓN deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concelleira-delegada de Cultura, Festas e Museos, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán aos ocasionados pola actividade propia da FUNDACIÓN ao longo do exercicio 2015, quedando excluídos os gastos por investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados. Serán subvencionables os gastos financeiros, cando estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables para a súa axeitada preparación; os gastos financeiros subvencionables polo Concello de Vigo quedan limitados ao 1% do importe total do convenio (1.400 €). Os gastos de persoal xustificaranse cos contratos de traballo, nóminas e boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1).

COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCiónS OU AXUDAS E IMPORTE TOTAL.-

Esta subvención á FUNDACIÓN será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

En calquera caso, o importe total das subvencións ou axudas percibidas pola FUNDACIÓN non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

A FUNDACIÓN deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á

xustificación da aplicación dada ao fondos recibidos (importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas).

NOVENA.-

Ao tratarse a Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP / 2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

DÉCIMA.- INCUMPRIMENTOS.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio por parte da FUNDACIÓN axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo a cancelación do convenio.

DÉCIMA PRIMEIRA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUN- CIA.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata a data de remate do exercicio económico do ano 2015.

Este convenio non é prorrogable.

Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO SEGUNDA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

O concelleiro-delegado da Área
de Cultura, Festas e Museos
Cayetano Rodríguez Escudero

A Presidenta da Fundación
Liste-Museo Etnográfico de Vigo
Josefina Fernández Mosquera

ANEXO I
RESUME ORZAMENTO ACHEGADO POLA FUNDACIÓN

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN LIS-
TE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO PARA ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO NO EXER-
CICIO ECONÓMICO 2015

			<u>145.000,00</u>
Publicacións	2.200,00	2.200,00	
Gastos de persoal			113.914,54
Soldos e salarios Fundación Liste	81.176,26		
Seguridade Social Fundación Liste	26.496,36		
Soldos e salarios CAT (Fundación Liste)	4.716,12		
Seguridade Social CAT (Fundación Liste)	1.525,80		
Outros gastos sociais	0,00		
Outros gastos			12.196,00
Reparación e conservación	4.300,00		
Servizos profesionais	4.356,00		
Primas de seguros	1.000,00		
Servizos bancarios e similares	640,00		
Subministrados, comunicación e correos	1.300,00		
Publicidade e propaganda	200,00		
Outros gastos	400,00		
Gastos financeiros e gastos asimilados	1.666,00	1.666,00	
Gastos actividades, exposicións e didáctica	15.023,46	15.023,46	
TOTAL GASTOS			145.000,00
INGRESOS			
Actividade Museo		2.000,00	
Actividade Mercantil de tenda		3.000,00	
Subvención do Concello de Vigo		140.000,00	
TOTAL INGRESOS			145.000,00

ANEXO II

MUSEO LISTE-ETNOGRÁFICO DE VIGO.
RESUME DE ACTIVIDADES 2015

EXPOSICIÓN PERMANENTE DO MUSEO LISTE-ETNOGRÁFICO DE VIGO

EXPOSICIÓN TEMPORAIS.

- “O infinito camiño do tempo”, a partir de febreiro de 2015 durante 6 meses aproximadamente.
- “Visións femininas do campo e do mar” (Itinerante)
- Mostras fotográficas:
 - “Vedacións”, durante todo o ano
 - “Retretes”, durante todo o ano
 - “Con outro enfoque”, durante todo o ano

ACTIVIDADES DIDÁCTICAS NO MUSEO.

ACTIVIDADES DIRIXIDAS AOS ESCOLARES.-

“Actividades cíclicas”.-

- “Entroido: ¡Moitos personaxes, moitas diferenzas!”
- “Semana Santa: o por qué dos ovos e o coello”
- “Os Maios: os xogos da roda”
- “San Xoán: os ritos da fecundidade”
- “Do Samaín ao Día de defuntos”
- “Nadal na tradición”

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DAS VISITAS Á EXPOSICIÓN PERMANENTE.

- “Na pereira”, 1º trimestre 2015
- “Unha viaxe no tempo”, 2º trimestre 2015
- “Historias das rúas”, 4º trimestre 2015

ACTIVIDADES ESPECIAIS

- “Especial verán”: Temas propostos: “No labirinto da oca”, “Adiviña, adiviñanza”, “...e como pasa o tempo!”, “Así xogaba, así, así,...”, 60 minutos, 3º trimestre 2015

TALLERES DE COÑECEMENTO

- “Espantallo, a quen vas a asustar”, 60 minutos, 2º trimestre 2015
- “Instrumentos humildes”, 60 minutos, todo o ano.
- “Museo somos nós”, 45 minutos, todo o ano

DIDÁCTICA PARA ADULTOS E PÚBLICO XERAL.-

Talleres.-

- “Instrumentos humildes”.- Actividade para grupos de adultos, previa solicitude, todo o ano, no Museo Liste (ou tamén no CAT).

CONVOCATORIAS E CONCURSOS

- II Concurso de fotografía “Vigo: vestixios do pasado”; convócase no 1º trimestre do 2015.
- III Concurso de Relatos para nenos/as de primaria; convócase no 2º trimestre 2015.

LETRAS GALEGAS E DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS

- Día das Letras Galegas: 17 de maio, adicado a D. Xosé Filgueira Valverde.
- Día Internacional dos Museos: 18 de maio, lema: “Museos para unha sociedade sostible”.

AUDICIÓNS MUSICAIS

Actuacións de carácter musical, nos meses de verán:

Continuación do programa “Entre Culturas” no que achegarnos aos sons doutros lugares do mundo.

“Da nosa tradición” Concertos didácticos de grupos de folk e música tradicional Galega.

XORNADAS PARA A COMUNICACIÓN

- 1º trimestre: “O infinito camiñas do tempo”
- 2º trimestre: “Gabinetes de curiosidades”
- 3º trimestre: “Riqueza patrimonial de Vigo”
- 4º trimestre: “Riqueza patrimonial da contorna de Vigo”

PUBLICACIONES

Publicación de material correspondente ás derradeiras exposicións temporais acollidas no Museo:

“Hijas de J. Nieto, fabricantes de símbolos”. Recolle non soamente as pezas desta pequena industria de fabricación de selos de caucho, senón, testemuñas da vida dun Vigo da segunda metade do s. XX.

“A Muda, agochando pudores”: pezas da exposición temporal que fan referencia ás prendas de roupa interior empregadas na Galiza dos derradeiros séculos.

CAT (CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL DE VIGO) RESUME DE ACTIVIDADES EN 2015

EXPOSICIÓN PERMANENTE DE CESTERÍA TRADICIONAL.

EXHIBICIÓN DO PROCESO PRODUTIVO

“Cestería mixta I”.- 1º trimestre de 2015.

“Cestería mixta II”.- 2º trimestre de 2015.

“Cestos do mar I”.- 3º trimestre de 2015.

“Cestos do mar II”.- 4º trimestre 2015.

ACTIVIDADES FORMATIVAS

Cursos breves de achegamento á artesanía, de 12 a 24 h. de duración. Programación trimestral de 1 curso.

FALADOIROS DE ARTESÁNS.

Encontros con artesáns e especialistas para compartir experiencias, postas en común de propostas profesionais, análises, canles de cooperación, etc. Previsión de 6 faladoiros.

“O ESCAPARATE”.

Exhibicións trimestrais de pezas realizadas por artesáns, previa selección de proxectos.

Mostra incluída na visita á exposición permanente.

PERCORRIDOS URBANOS: MIRADAS ETNOGRÁFICAS.

Percorridos polo espazo urbano para maior coñecemento dos bens culturais, especialmente no casco histórico e puntos de interés etnográfico.

Os venres, previa solicitude. Mínimo grupos de 15 persoas

No ano 2015 amplíase o percorrido pola “Ruta do río Eifonso”.

UNHA MOSTRA DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO PERDIDO

Exposición do que foi o importante pasado arquitectónico da cidade. En estudo.

9(169).- SOLICITUDE DE ORGANIZACIÓN DA CARREIRA “XXXVIII TROFEO DE CAMPO A TRAVÉS SAN MIGUEL DE OIA” O 22/02/15. EXPTE. 13874/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 17.02.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A entidade S.D. San Miguel de Oia con CIF (G- 36645018), solicitou o día 3-02-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150013569) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XXXVIII TROFEO CAMPO A TRAVES SAN MIGUEL DE OIA Data: 25 de Horario:
 - Inicio e fin evento:10.00 h a 13.00h
 - Inicio do Montaxe:09.00h.
 - Fin do desmontaxe:14.00h.

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira denominada XXXVIII TROFEO CAMPO A TRAVES SAN MIGUEL DE OIA que comenará ás 10.00 horas e rematará ás 13.00horas, se levará a cabo nos campos de Loureiro e no Camiño da Verdella de San Miguel de Oia.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Protección civil

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á entidade Sociedade Deportiva San Miguel de Oia, a organizar o vindeiro domingo 22 de febreiro de 2015, a carreira denominada XXXVIII TROFEO DE CAMPO A TRAVES SAN MIGUEL DE OIA, dita carreira comenará ás 10.00 horas e se levará a cabo nos campos de Loureiro e no Camiño da Verdella de San Miguel de Oia, a proba rematará ás 13.00h.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(170).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO. EXPTE. 11563/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2.02.15, o informe de fiscalización do 13.02.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 29.01.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sin ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, as comunidades de montes e as entidades empresariais, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo desde o 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2015. Están dirixidas a fomentar o emprego, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía, xa que ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de desempregados e desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

O desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012, 2013 e 2014, e conforme establece a LEI 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
 - b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*
- ..."*

A efectos da presente convocatoria, e coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades as que va dirixida, se convocan os programas que deseguido se relaciona en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- Programa I: "Entidades veciñais e culturais"*
- Programa II: "Entidades sociais e asistenciais"*
- Programa III: "Organizacións sindicais"*
- Programa IV: "Entidades empresariais"*
- Programa V: "Comunidades de Montes".*

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e da participación cidadá e, en particular:

–Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

–Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2014.

–Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, empresariais e as comunidade de montes, para mellora do emprego e a defensa de intereses xerais e sectoriais.

–Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sin prexuízo da diversidade de actividades programadas.

–Avaliar os resultados dos programas e actividades sociais realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.

–Facilitar a inserción laboral de todos os sectores de poboación e fundamentalmente dis mais desfavorecidos.

–Fomentar a contratación para o desenvolvemento de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, e os programas formativos nas propias sedes das asociacións.

–Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado, o asesoramento e fomento do emprendemento, a formación profesional e a integración veciñal, en xeral, de contido laboral e sociocomunitario.

–Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.

–Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).

–Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións e o fomento do emprendemento.

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, comunidade de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), ou teñan iniciado o trámite de inscrición no servizo de Participación Cidadá que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o emprego e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía, xa que ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de desempregados e desempregadas na nosa cidade.

En relación o exposto e seguindo instrucións do Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, se somete a Xunta de Goberno Local, a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aprobar as “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o Fomento do Emprego de entidades sin ánimo de lucro”, correspondentes ao ano 2015 que se achegan no Anexo I.

2º.- Aprobar, o gasto, por importe de 795.000,00 € (setecentos noventa e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida presupostaria 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, do vixente exercicio presupostario (2015).

3º.- *Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sin ánimo de lucro” no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e páxina web do Concello de Vigo, conforme ao art. 14.1 da LSG, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes.*

Consta no expediente informe aclaratorio de data 5.02.15, do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SIN ÁNIMO DE LUCRO.

PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCÍONS

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sin ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, as comunidade de montes e as entidades empresariais, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo desde o 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2015. Están dirixidas a fomentar o emprego, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía, xa que ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de desempregados e desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

A efectos da presente convocatoria, e coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades as que va dirixida, se convocan os programas que deseguido se relaciona en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- Programa I: “Entidades veciñais e culturais”
- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais”
- Programa III: “Organizacións sindicais”
- Programa IV: “Entidades empresariais”
- Programa V: “Comunidades de Montes”.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e da participación cidadá, en particular:

- Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2014.

- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais, culturais, sindicais, sociais, empresariais e as comunidade de montes, para mellora do emprego e a defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sin prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Avaliar os resultados dos programas e actividades sociais realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.
- Facilitar a inserción laboral de todos os sectores de poboación e fundamentalmente dis mais desfavorecidos.
- Fomentar a contratación para o desenvolvemento de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, e os programas formativos nas propias sedes das asociacións.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado, o asesoramento e fomento do emprendemento, a formación profesional e a integración veciñal, en xeral, de contido laboral e sociocomunitario.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións e o fomento do emprendemento.

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións veciñais, culturais, sociais, sindicais, comunidade de montes e entidades empresariais, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), ou teñan iniciado o tramite de inscrición no servizo de Participación Cidadá que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o emprego, o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades relacionadas co emprego, a cultura, a asistencia, o lecer e a mellora da empregabilidade que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

- | | |
|---|----------------------------|
| • Programa I: “Entidades veciñais e culturais” | epígrafes 10.1 e 10.5. |
| • Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” | epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1. |
| • Programa III: “Organizacións sindicais” | epígrafes 5.1 |
| • Programa IV: “Entidades empresariais”. | epígrafes 5.2 |
| • Programa V: “Comunidades de Montes”. | epígrafe 10.7 |

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.
4. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.
5. Que acrediten que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social mediante a presentación das correspondentes certificacións nos

termos dos art. 22 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co art. 23 do mesmo.

6. O interesado poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo para consultar dita información tributaria na Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT). Noutro caso, será preciso achegar a oportuna certificación.
7. Non estar incursas as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
8. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.
9. “Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado “Asociacións en rede” (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario de cada entidade certificará a súa publicación ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar e o persoal da entidade solicitante imprescindible para o desenvolvemento das actividades solicitadas, ata un máximo do 50% dos seus custes salariais, conforme a base terceira apartados 1, 2, 3 e 4.
10. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación presupostaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, nos supostos do apartado anterior.

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubitado, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das contratacións, para o desenvolvemento das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, os realizados dentro do ano da convocatoria entre os meses de xaneiro e setembro que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especificamente das contratacións realizadas para o desenvolvemento das actividades programadas, e que teñan acomodo no obxecto de convocatoria:

- 1- Programa I: “Entidades veciñais e culturais” epígrafes do RMA 10.1 e 10.5.:
 - Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
 - Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
 - Ata un máximo do 50 % dos custes salariais e de seguridade social a carga da entidade de persoal da entidade, previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente demostrada no Anexo V, para a dirección e/ou coordinación do proxecto.
 - Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade.
- 2.- Programa II: “Entidades sociais e asistenciais” epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.
 - Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
 - Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.

- Ata un máximo do 50 % dos custes salariais e de seguridade social a carga da entidade de persoal da entidade, previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente demostrada no Anexo V, para a dirección e/ou coordinación do proxecto.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade.

3.- Programa III: “Organizacións sindicais” epígrafes 5.1

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
- Ata un máximo do 50 % dos custes salariais e de seguridade social a carga da entidade de persoal da entidade, previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente demostrada no Anexo V, para a dirección e/ou coordinación do proxecto.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade

4.- Programa IV: “Entidades empresariais” epígrafes 5.2

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
- Ata un máximo do 50 % dos custes salariais e de seguridade social a carga da entidade de persoal da entidade, previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente demostrada no Anexo V, para a dirección e/ou coordinación do proxecto.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade

5.- Programa V: “Comunidades de Montes” epígrafes 10.7

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade

En ningún caso serán subvencionables:

- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostario (2015) é de 795.000,00 € (setecentos noventa e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo. distribuídos do seguinte xeito:

1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 150.000,00 € (ciento cincuenta mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000,

denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.

2.- Programas II “Entidades sociais e asistenciais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.

3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 100.000,00 € (cen mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.

4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 40.000 €.

5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento coarenta e cinco mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

b) O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, aillada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.

c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

QUINTA.- ANTICIPO A CONTA.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coas entidades destinatarias da convocatoria.”

SEXTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCÍONS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

De existir no orzamento municipal vixente consignación presupostaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento da contratación e de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

SÉTIMA.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos presentados polas asociacións, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando a puntuación mínima na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando non se axuste á solicitude o proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.

2- Con carácter xeral:

- A non xustificación ou xustificación fora de prazo das subvención do ano anterior.
- Aqueles solicitudes de subvención cando sexan achegadas por entidades que non estean debidamente inscritas nos epígrafes establecidos nos programas do Rexistro Municipal de Asociacións.
- Aqueles solicitudes para Programas que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado no vixente exercicio orzamentario.
- Cando no vixente orzamento municipal exista consignación nominativa a favor da asociación para a formalización dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento de gastos comprendidos nalgún dos Programas subvencionables nesta convocatoria, desestimaranse as solicitudes do/s referido/s Programa/s.

- En xeral, as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos na Base Segunda desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias
- Cando a entidade non atende, no prazo de dez (10) días, ao requirimento de presentación de documentación, información o aclaracións, realizado pola Comisión de Valoración, esta proporá a desestimación da/s solicitude/s de subvención/s

OITAVA.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Para os efectos de difusión pública, en todo o lugar ou lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o Anexo VI aprobado nesta convocatoria e que estará a disposición no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego para todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o financiamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade, ata a finalización do ano 2015, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento das gastos de contratación e fomento do emprego da asociación e, en xeral, da inserción laboral, o fomento do emprego, do asociacionismo e da participación cidadá.
4. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira
5. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
6. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
8. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
9. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
11. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

NOVENA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

1- As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e no Servizo de Información do Concello de Vigo. Os solicitantes deberán achegar:

- a) Anexo I "Solicitud": Unha solicitude de participación, con expresión, segundo proceda, de:
- datos da entidade solicitante
 - datos do/a representante legal

- domicilio a efectos de notificación
- datos do proxecto (contía solicitada)
- lugar, data, sinatura e selo

b) Anexo II: Declaración xurada de cumprimento dos requisitos.

c) Anexo III: Ficha de solicitude de transferencia bancaria.

d) Anexo IV: Declaración xurada das axudas solicitados e/ou concedidas,

e) Anexo V: "Proxecto de contratacións e actividades a realizar no 2015".

f) Fotocopia compulsada do CIF da entidade.

g) Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, no será esixible a súa presentación, sempre que se nos indique o número de expediente no que obran.

No será preciso a súa presentación, no caso dos certificados de non ter débedas pendentes coas administracións estatal, mediando autorización da entidade solicitante para a obtención da información tributaria por medios informáticos ou telemáticos.

En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

f) Calquera outra comunicación de modificación ou actualización de datos da entidade que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

1- Porén, o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 35.f) da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC, en relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

2- O departamento convocante pode requirir, canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

3- Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órganos competente requirirá á interesada para que subsane a falta no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, co apercibimento de que se non o fai terásele desistido da súa petición previa resolución.

4- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas por Programas, desistimento que será aceptada de plano pola administración

concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.

NOVENA.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na Base anterior, será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte a publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nos termos do art. 48 da LRXAP e PAC.

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 38.4 da mesma.

DÉCIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

- a) Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego: Ata 10 puntos.
Valorarase a colaboración coa concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.
- b) Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto.- Ata 10 puntos.
 - a) Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:
 - a) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais
 - b) Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno, que teñan unha viabilidade técnica, sexan interasociativos e incidan no entorno.
 - c) Estean dirixidos á promoción dos sectores de poboación mais desfavorecidos.
 - d) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención
 - e) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.
 - f) Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración
 - g) No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de cinco puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.
- c) Calidade e cantidade dos contratos.- Ata 30 puntos.
 - a) Número de beneficiarios/as 1 punto por contrato.
 - b) O tempo de duración do contrato:
 - a) 2 meses 1,00 puntos por contrato.

- | | |
|------------|---------------------------|
| b) 3 meses | 1,25 puntos por contrato. |
| c) 4 meses | 1,50 puntos por contrato. |
| d) 5 meses | 1,75 puntos por contrato. |
| e) 6 meses | 2,00 puntos por contrato. |
| f) 7 meses | 2,25 puntos por contrato. |
| g) 8 meses | 2,50 puntos por contrato. |
| h) 9 meses | 2,75 puntos por contrato. |
- c) Xornada:
- | | |
|--|--------------------------|
| a) Completa | 1,00 puntos por contrato |
| b) Reducida superior ao 50% da xornada | 0,75 puntos por contrato |
| c) Reducida igual ou inferior ao 50% e superior ao 15% | 0,50 puntos por contrato |
| d) Reducida igual ou inferior ao 15% | 0,25 puntos por contrato |

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

A non xustificación da subvencións outorgadas no 2014 polo procedemento de concorrencia competitiva, ou a súa xustificación fora de prazo, será causa de desestimación da/s solicitudes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROCEDIMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1- O Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta o defectuosa, requirirase á solicitante para que subsane no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.

2- Pola xefatura do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, poderá dispoñerse a realización das oportunas comprobacións sobre a veracidade dos datos achegados polas entidades solicitantes, podendo solicitar os informes que considere necesarios para a mellor valoración das solicitudes e resolución do expediente.

3- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos de Desenvolvemento Local e Emprego, que poderán realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.
- 2 Vogais: O xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e un/unha técnico do mesmo.
- 1 Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

5- As solicitudes avaliaranse con arreglo á documentación achegada, no seu caso, ós informe emitidos, ás limitacións presupostarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución ao órgano concedente, previo informe no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

7- O órgano instrutor poderá modificar á baixa o período de contratación solicitado e/ou o número máximo de traballadores e traballadoras que se vaian subvencionar, segundo entenda xustificadamente o obxecto e necesidade do proxecto, así como as funcións que van levar a cabo as mesmas.

A proposta de modificación realizarase en base a seguinte prelación:

1. Redución do período de contratación sempre que non desvirtue os obxectivos do proxecto presentado.
2. Redución da xornada laboral do persoal a contratar ata un mínimo do 50 %"
3. Redución do porcentaxe dos custes salariais do persoal da entidade con cargo ao proxecto"
4. Redución do número de persoas desempregadas a contratar".

8- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, no prazo de catro meses, que se computará a partir da publicación desta convocatoria, a resolución motivada do procedemento, que conterá a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, facendo constar, expresamente, a desestimación do resto de solicitudes.

9- A resolución do procedemento poderá notificarse ás entidades beneficiarias, ou ben, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, substituírse dita notificación pola publicación na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 59.6.b) da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC.

No caso de optar pola notificación, en todo caso, durante o mes seguinte a cada trimestre natural, publicaranse no BOP as subvencións concedidas, individualmente consideradas, cuxo importe sexa de contía superior a 3.000 €, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado. As que non superen dita contía serán obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na páxina web do Concello.

Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución polas interesadas ou, no seu caso, dende o día seguinte á publicación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Participación Cidadá, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

10- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 43.3.b) la Lei 30/92 ao respecto.

11- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

12- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano polo administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade cos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado no vindeiro exercicio presupostario.

13. O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da comisión de avaliación, distribuindo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.

DÉCIMO SEGUNDA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate das accións de fomento do emprego subvencionado, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha memoria e unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

- Memoria de actividades realizadas, conforme ao proxecto achegado coa solicitude, que fundamentaron a concesión da/s subvención/s realizadas, e na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:
 - Denominación
 - Financiamento.
 - Contratacións realizadas:
 - Novas contratacións:
 - Denominación do/s posto/s.
 - Perfís profesionais
 - Persoas contratadas.
 - Periodo de contratación.
 - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
 - Contratos do persoal da entidade para o desenvolvemento do proxecto:
 - Denominación do/s posto/s.
 - Perfís profesionais
 - Persoas asignadas ao proxecto.
 - Periodo de traballo.
 - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
 - Nos cursos de formación realizados ao persoal contrato con cargo á subvencións explicitarase:
 - Programa do curso.
 - Horas de formación.

- Identificación dos participantes e do monitor/a con apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
- Actuacións realizadas por persoal contratado con cargo á subvención.
 - Datas e lugar de celebración.
 - Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada co fomento do emprego.
- Memoria de prensa e comunicación.
- Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web da entidade ou en calquera outra na que se difundan as actividades desenvolvidas polo persoal contratado e/ou asignado con cargo á subvención, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo, e para cada unha das actividades levadas a cabo, a difusión pública do cofinanciamento, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.”

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

10. Copia autenticada do contrato.
11. Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
12. Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
13. Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
14. Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social, mediante a presentación dos co-

respondentes certificados ou por medio dunha declaración responsable en aqueles supostos previsto no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto, se as obrantes no expediente de concesión, seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

Non será preciso achegar os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria, se a entidade autorizou, expresamente, ao Concello de Vigo para a súa expedición por medios telemáticos ou informáticos.

En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

Para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar fotocopia compulsada da resolución de concesión das mesmas.

DÉCIMO TERCEIRA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

De conformidade cos documentos xustificativos achegados, o persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación o desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

DÉCIMO CUARTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, que en relación aos expediente de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificada.

Antes de proceder ao pago das subvencións, a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable en aqueles supostos previsto no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, noutro caso a acreditación deberá facerse conforme o sistema xeral a través de

certificados que prevé o artigo 22 do R.D 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Así mesmo, deberá comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

DÉCIMO SEXTA.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONES

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Segunda.
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento pública recibida nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptárase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancions en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o RD 1398/1993, de 4

de agosto, polo que aprobou o Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO SÉTIMA- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

DÉCIMO OITAVA.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1. O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
2. Tres vocais:
 - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego, que actuará como secretario da comisión.
 - b) Dous a membros nomeados pola Xunta directiva da entidade.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Realizar a selección de persoal a contratar, conforme a proposta motivada presentada pola entidade e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014 prorrogado, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIXÉSIMA.- A presente convocatoria, cuxas contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

11(171).- PROCEDIMENTO PAGO BOLSAS BENEFICIARIOS PROXECTO "IMOS TRABALLAR 2". EXPTE. 11613/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13.02.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 6.02.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

Con data 8 de xullo de 2012 a Xunta de Goberno Local acordou aceptar a subvención concedida para o proxecto 615 denominado Imos Traballar 2, (Expte. 8389-77) con cargo ao Fondo social Europeo, aprobado por Resolución de Secretaría de Estado de Cooperación Territorial de data 22 de xuño de 2011 e publicado no BOE de data 1 de xullo de 2011.

A Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2014 aceptou unha segunda ampliación da subvención derivada do reparto de remanentes aprobado por Resolución da "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales" de 15 de outubro de 2014, publicada no BOE 255 de 21 de outubro de 2014.

O concello de Vigo recibiu o 17 de decembro de 2014 a conformidade da "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales", para aplicación de remanentes do proxecto 615 Imos Traballar2.

En cumprimento dos apartados 2º e 4º da Resolución antes citada o Servizo de Emprego remitiu a "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales" a memoria das actividades a realizar con cargo a esta ampliación y aos remanentes xerados polo propio proxecto. En dita memoria propuxéronse, entre outras accións, a impartición de 7 módulos de formación complementaria destinadas as persoas beneficiarias do proxecto con unha estimación de 105 beneficiarios/as (15 alumnos/módulo).

A Resolución de 8 de febreiro de 2011 (BOE 23 de Febreiro de 2011) da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial pola que se aproba a convocatoria 2011 para a concesión de axudas do Fondo social Europeo durante o período 2007-2013, punto 5. 3.a), determina que os traballadores desempregados que participen nos módulos de práctica profesional e formación previstos no proxecto poderán ser perceptores de axudas-bolsas por unha contía mensual non superior ao 75% do IPREM vixente en cada anualidade. Estas axudas serán compatibles coa percepción da prestación e subsidio por desemprego así como con outras axudas públicas para a mesma finalidade, si ben o conxunto das rendas percibidas por cada persoa beneficiaria da axuda por estes conceptos, incluído o importe da beca, non poderá superar o 75% da contía fixada en dito indicador.

A estes efectos o Servizo xenerou crédito na partida 2410 4890003 Becas-Axudas Imos Traballar2 estimando o número de accións formativas a desenvolver na anualidade, o número de beneficiarios/as de cada acción, os días de duración da formación e o importe máximo da bolsa a cobrar cada día que é de 13,31 euros/día (75%IPREM 2015) como se reflicte na seguinte táboa.

Duración/Días	Alumnos/Edición	Nº Beneficiarios	IPREM/Día	Total
7	15	105	13,31	9.782,85

En base ao anterior para a determinación dos usuarios/as, con dereito a beca, o importe máximo mensual e diario e a forma de pago, proponse o seguinte procedemento:

1. Segundo as Bases Reguladoras e as Instrucións para a aplicación e desenvolvemento da concesión das axudas da Subvención Global do FSE, as becas-axudas dos/as beneficiarios/as do proxecto non serán incompatibles coa percepción da prestación ou subsidio de desemprego, así como con outras axudas públicas para a mesma finalidade.

2. A cada usuario/a que se achegue ós servizos do proxecto pediráselle que xustifique a súa situación de desemprego e que demostre si cobra algún tipo de axuda ou prestación.

3. De ser así valorarase a contía da mesma e compararase coa contía do IPREM (fixado para cada anualidade) aportándolle unha beca /axuda durante o tempo que o/a usuario/a este formándose, realizando unha práctica profesional.

4. Si a contía que percibe o/a usuario/a é inferior ó 75% do IPREM, o proxecto IMOS TRABALLAR completará o montante (aportará a diferenza) ata ó 75%.

5. Si non percibe axuda ou prestación algunha, o proxecto aportará unha beca/axuda polo montante do 75% do IPREM.

6. No caso de que a prestación ou axuda que perciba supere o montante do 75% do IPREM , o proxecto IMOS TRABALLAR non lle aportará nada.

7. O importe máximo mensual por beneficiario/a das becas-axudas para a anualidade 2015 será de 399,38 euros (75% do IPREM 2015).

8. O importe máximo diario das becas-axudas por beneficiario/a para a anualidade 2015 será de 13,31 euros (75% do IPREM 2015).

9. O pago da beca farase en función dos días de asistencia ás actividades de formación.

10. Non se aboarán as faltas non xustificadas.

11. Para o pago destas bolsas dende a dirección do proxecto remitirase a Intervención Xeral Municipal antes do día 5 de cada mes a documentación relativa a asistencia dos cursos, que inclúe a certificación da asistencia as actividades de formación dos participantes é o informe das contías que se lles deben pagar en función da asistencia e segundo as circunstancias persoais. En aplicación dos criterios anteriormente descritos (contía máxima, número de posibles beneficiarios/as, duración da beca-axuda e procedemento de cálculo), estímase, para a anualidade 2015, un custe aproximado inicial en concepto de becas-axudas para o proxecto Imos Traballar2 de nove mil setecentos oitenta e dous euros con oitenta e cinco céntimos (9.782,85€)

O pagamento das becas-axuda do presente ano poderá facerse con cargo á partida 2410 4890003 "Becas Axudas I mos Traballar 2 "

Polo que antecede, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Autorizar o gasto por importe de nove mil setecentos oitenta e dous euros con oitenta e cinco céntimos (9.782,85€) para facer fronte as axudas que se devenguen no exercicio 2015, pola asistencia os cursos dos/as participantes no Proxecto IMOS TRABALLAR, con cargo a partida presupostaría 2410 4890003 " Becas Axudas I mos Traballar 2 ".

2º.- Acordar o importe máximo das becas-axudas que para a anualidade 2015 será de 399,38 euros/mes e de 13,31euros/día (75% do IPREM 2015).

3º.- Autorizar para a anualidade 2015 o procedemento de pago das becas-axuda para os/as participantes do Proxecto IMOS TRABALLAR 2 consistente en remitir mensualmente á Intervención Xeral municipal antes do día cinco de cada mes para a súa inclusión dentro do listado de nóminas de persoal, a seguinte documentación:

- Certificación de asistencia ás actividades de formación dos/as beneficiarios do programa, en base ao seguimento que se levará a cabo a través das correspondentes sinaturas.
- Informe das contías que se lle deben pagar aos/as beneficiarios/as do proxecto en función dos días de asistencia e segundo o procedemento de cálculo establecido, facendo así efectivo o pagamento destas becas-axudas o mes seguinte do seu devengo, mentres dure a súa participación no proxecto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(172).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA EMPRESA AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L., PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NON LABORAIS POR TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS/AS. EXPTE. 11614/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 16.02.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 10.02.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

A empresa AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. solicita ao Concello de Vigo, en escrito presentado por Rexistro o 04/02/2015, a súa colaboración para proporcionar aos estudantes dos cursos AFD 2015 o desenvolvemento das prácticas profesionais, segundo as bases reguladoras da Orde da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia de 30 de decembro de 2014; coa finalidade de contribuir a unha mellor e máis completa formación e cualificación do alumnado, mediante a xestión de prácticas en empresas e institucións públicas e privadas.

Os obxectivos a acadar coa realización das prácticas -no marco do contido dos cursos- é fundamentalmente facilitar a súa preparación para o desempeño profesional das tarefas obxecto do curso, promovendo así o futuro desenvolvemento profesional ao mercado laboral.

Por isto, tendo en conta o contido do texto do convenio, a súa natureza e o feito de ser unha mera colaboración sen que poida considerarse de ningún modo como contrato e, polo tanto, excluído da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o desenvolvemento deste convenio non implica relación laboral algunha, nin gasto para o Concello. A devandita empresa asume todos os gastos que se poidan derivar destas prácticas. Así mesmo, ante calquera eventualidade de accidente que puidese producirse durante a realización das prácticas, os alumnos estarán cubertos por un SEGURO DE ACCIDENTES e unha PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL a favor do alumno, contratada pola empresa asinante do Convenio e que comprenderá todo o período de prácticas.

Proponse á Xunta de Goberno municipal a adopción do seguinte acordo:

a) Autorizar a sinatura do convenio entre D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, concelleiro delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 29 de xullo de 2014 e Acordo da xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014, e D^a Benilde Villar González, con DNI 35562.802H, en representación da empresa AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, para a regulación das prácticas que realicen os alumnos participantes nos cursos AFD da familia profesional “Actividades administrativas en relación co cliente”, “Administración e programación en sistemas de planificación de recursos empresariais e de xestión de relación cos clientes”, “Xestión administrativa e financeira do comercio internacional” e “Creación e xestión de microempresas”, segundo as Bases Reguladoras do 30 de decembro de 2014.

b) En ningún caso o Concello de Vigo asumirá gasto algún derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia da entrada en vigor do mesmo.

c) Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, unha relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A EMPRESA AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS INCLUIDAS NO PROGRAMA FORMATIVO DE ALUMNOS DOS CURSOS AFD 2015 (Accións Formativas para persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia,), segundo as bases reguladoras da orde de 30 de decembro de 2014 da consellería de Traballo e Benestar.

Vigo, x de febreiro de 2015

REÚNENSE:

Por unha parte, D. Santos Hector Rodríguez Díaz, concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en representación do Concello de Vigo, con enderezo social na Praza do Rey, nº 2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF: P-3605700H, en virtude da delegación conferida por decreto art. 127 da Lei 7/85, decreto de delegación de Alcaldía de 29 de xullo de 2014 e acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014.

Da outra, D^a Benilde Villar González, con DNI 35562.802H, que actúa en nome e representación da empresa AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L., con enderezo na rúa Camelias

nº51 de Vigo, C.P. 36211, e inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra co número 00612.A09, por tempo indefinido e en escritura outorgada o 1 de abril de 2009 polo notario D. Antonio A. Salgueiro Armada.

Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,

EXPOÑEN

Que ambas as partes recoñécense recíprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.

Que o obxecto do presente acordo é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento das Prácticas dos alumnos dos cursos AFD, segundo as bases reguladoras da Orde de 30 de decembro de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar.

ACORDAN

Subscribir o presente acordo de colaboración para o desenvolvemento da formación en centros dependentes do Concello de Vigo para o alumnado dos cursos AFD.

CLÁUSULAS

Primeira.- O alumnado dos cursos AFD desenvolverán actividades formativas programadas no centro de formación e servizos do Concello de Vigo, sen que isto implique relación laboral algunha con esta institución, ésta será polo tanto estrictamente académica.

Segunda.- O Concello de Vigo colaborará na formación do alumnado dos cursos AFD sen que en ningún momento poida verse afectado o seu normal funcionamento.

Terceira.- Calquer accidente que o alumno poida sufrir dentro ou fóra do Concello de Vigo estará cuberto por un SEGURO DE ACCIDENTES e unha PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL a favor do alumno/a, contratada por AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L., e que comprenderá todo o período de prácticas. O alumno, baixo ningún concepto, podrá reclamar responsabilidades ao Concello de Vigo.

O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá un gasto derivado do presente Convenio, nin de danos e perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias do Concello de Vigo.

Cuarta.- De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal, non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas; obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puidesen derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de secreto antes citado.

Quinta.- A entidade responsable da docencia fará un seguimento do alumnado en coordinación co responsable por parte do Concello de Vigo.

Sexta.- Número de prazas

O Concello de Vigo acollerá ata un máximo de catro (4) alumnos de AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. en calidade de estada de prácticas.

Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.

Sétima.- Número de horas e horario

As prácticas que realicen os alumnos constarán dun máximo de 120 horas, dentro do horario de 08.00 a 15.00 horas.

As prácticas non serán recompensadas economicamente a ningún alumno.

Oitava.- O presente acordo poderase extinguir por finalización do tempo convindo e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas e que se lle deberá comunicar a outra cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas:

– Cesamento de actividades do centro docente ou dos centros dependentes do Concello de Vigo.

– Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.

– Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.

– Mútuo acordo entre AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. , adoptado pola súa dirección, e o Concello de Vigo, adoptado pola súa parte. Igualmente poderase rescindir para un alumno ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no acordo por decisión unilateral do Centro de Formación ou do Concello de Vigo, ou conxuntamente de ambos os dous, nos seguintes casos:

d.1) Falta de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas á realización das prácticas.

d.2) Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia coa persoa interesada.

O alumno aceptará que en calquer momento se lle poida requirir que abandone definitiva o temporalmente as dependencias do Concello, sen que poida esixir ningún tipo de indemnización, previa comunicación a AULATEL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L.

Novena.- O presente acordo entrará en vigor durante o presente ano 2015, sen prexuízo de que se prorrogue automaticamente para os vindeiros anos, se non é denunciado por algunha das dúas partes.

E, en proba de conformidade, asinan as partes o presente convenio no lugar e data indicados ao comezo.

13(173).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA EMPRESA BIDEF CONSULTORÍA, S.L., PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NON

LABORAIS POR TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS/AS. EXPTE. 11629/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.02.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 16.02.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EMPRESA BIDEF CONSULTORÍA, S.L. E O CONCELLO DE VIGO”

A empresa Bidef Consultoría, S.L. propón ao Concello de Vigo, en escrito presentado por Rexistro o 11/02/2015, a súa colaboración para o desenvolvemento dun Programa de Recualificación Profesional co obxecto de mellora a empregabilidade dos traballadores desempregados. O devandito programa consta de dúas etapas; unha de Formación que conleva a impartición do programa formativo denominado “O Desenvolvemento das funcións laborais cunha orientación cliente externo e interno”, e a etapa de Prácticas non laborais, titorizadas e con axuda económica por parte da empresa. Pola súa parte, o Concello de Vigo levará a cabo a selección dos alumnos-beneficiarios deste programa para traballadores desempregados, utilizando a base de datos do Servizo de Orientación Laboral (S.O.L.).

Por isto, tendo en conta o contido do texto do convenio, a súa natureza e o feito de ser unha mera colaboración sen que poida considerarse de ningún modo como contrato e, polo tanto, excluído da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o desenvolvemento deste convenio non implica relación laboral algunha, nin gasto para o Concello. A devandita empresa asume todos os gastos que se poidan derivar destas prácticas. Así mesmo, ante calquera eventualidade de accidente que puidese producirse durante a realización das prácticas, os alumnos estarán cubertos por un SEGURO DE ACCIDENTES e unha PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL a favor do alumno, contratada pola empresa asinante do Convenio e que comprenderá todo o período de prácticas.

Propónse á Xunta de Goberno municipal a adopción do seguinte acordo:

a) Autorizar a sinatura do convenio entre D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, concelleiro delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 29 de xullo de 2014 e Acordo da xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014, e D. Julio Pose Pose, representante legal da empresa Bidef Consultoría, con NIF B-70325048, para o desenvolvemento do Programa de Recualificación Profesional e Mellora da Empregabilidade de Traballadores desempregados, con compromiso de prácticas profesionais.

b) En ningún caso o Concello de Vigo asumirá gasto algún derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia da entrada en vigor do mesmo.

c) Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, unha relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A EMPRESA BIDEF CONSULTORÍA, S.L. E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE RECUALIFICACIÓN

PROFESIONAL E MELLORA DA EMPREGABILIDADE DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS, CON COMPROMISO DE PRÁCTICAS NON LABORAIS

Vigo, x de febreiro de 2015

REÚNENSE:

Por unha parte, D. Santos Hector Rodríguez Díaz, concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en representación do Concello de Vigo, con enderezo social na Praza do Rey, nº 2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF: P-3605700H, en virtude da delegación conferida por decreto art. 127 da Lei 7/85, decreto de delegación de Alcaldía de 29 de xullo de 2014 e acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014.

Da outra, D. Julio Pose Pose, con DNI 34888635G, en calidade de representante legal da empresa, como administrador único de la empresa BIDEF CONSULTORÍA, S.L., con CIF B-70325048 e enderezo social na rúa Copérnico nº6, A Coruña C.P.15008.

Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para ós efectos,

MANIFESTAN

I.- Que o “Programa de Recualificación Profesional” de BIDEF consiste nun programa de emprego dirixido a desempregados do Concello de Vigo con formación cualificada, que consta de dúas etapas:

1ª Etapa de Formación: Mediante a impartición do programa formativo “O Desenvolvemento das Funcións Laborais cunha Orientación Cliente Externo e Interno” de 32 horas de duración, que capacita aos alumnos para obter unha orientación cara ó cliente en postos de traballo vinculados co seu ámbito de formación académica.

2ª Etapa de Prácticas non laborais titorizadas e con axuda económica: Cunha duración de dous meses de duración, os alumnos poderán por en práctica o aprendido na etapa formativa e ter a oportunidade de ser contratados pola empresa ó finalizar as prácticas. Durante o desenvolvemento das mesmas, os alumnos percibirán unha aportación económica de 275€, por parte da empresa, en concepto de axuda por desprazamento e manutención. As prácticas poderán prorrogarse durante un período de dous meses, se a empresa e o alumno así o acordan.

II.- Que en base ás características do devandito programa e á mellora sustancial que suporá para os traballadores desempregados do municipio de Vigo o devandito programa, o Concello de Vigo e a empresa BIDEF CONSULTORÍA, S.L. acordan a súa colaboración no ámbito da recualificación profesional e a mellora da empregabilidade dos traballadores desempregados en base ós seguintes:

COMPROMISOS

Primeiro. - A empresa BIDEF CONSULTORÍA, S.L. comprométese á:

- Presentación do programa ós interesados.*
- Realización de selección ós candidatos.*
- Impartición da Formación.*
- Busca e sinatura de convenios de colaboración coas empresas acolledoras de prácticas.*

- Xestión administrativa das prácticas.
- Titorización das prácticas.
- Entrega de memoria final ao Concello de Vigo, incluíndo os resultados de inserción laboral.

Segundo.- Pola súa parte, o Concello de Vigo comprométese a:

- Facilitar un número adecuado de persoas interesadas para a selección dos perfís.
- Cesión dos medios físicos (aula) e didácticos (proxector) para o desenvolvemento da etapa formativa.

Terceiro.- O desenvolvemento deste programa non implica financiamento por parte do Concello de Vigo, polo tanto non asumirá ningún tipo de gasto derivado do presente convenio.

Cuarto.- As empresas a cargo do período das prácticas profesionais asumirán a contratación dun seguro de contixencias a favor dos beneficiarios das mesmas.

E, en proba de conformidade, asinan as partes o presente convenio ne data indicada ao comezo.

14(174).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NO CASCO URBANO. FASE 1B”. EXPTE. 2572/443.

Dáse conta do informe do xefe de Área de Fomento, do 16.02.15, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprométese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.

O proxecto de RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NO CASCO URBANO. FASE 1B, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 26 de xaneiro de 2015 co número de expediente 2.572/443 por importe de 145.664,71 € (IVE excluído).

En data 11 de febreiro de 2015, Aqualia presenta a documentación requerida no apartado III.c indicado anteriormente.

Dacordo co exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- *Dar conta da tramitación do seguinte expediente “RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NO CASCO URBANO. FASE 1B”, cos datos requeridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:*

Código do proxecto: Expte. 2.572/443

Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.

NIF: A28849495.

Presuposto de execución material: 122.407,32 €

Presuposto de contrata: 145.664,71 € (IVE excluído).

Prazo de execución: 4 meses.

Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos.

Clasificación do contratista: E1c.

Prazo de garantía: 2 anos.

Asistencia Técnica: GALAICONTROL.

Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.

Coordinación de Seguridade e Saúde: PROYEGAL

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada da tramitación do precedente expediente.

15(175).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NO CASCO URBANO. FASE 2”. EXPTE. 2547/443.

Dáse conta do informe do xefe de Área de Fomento, do 16.02.15, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprométese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.

O proxecto de RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NO CASCO URBANO. FASE 2, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 26 de decembro de 2014 co número de expediente 2.547/443 por importe de 782.030,58 € (IVE excluído).

En data 11 de febreiro de 2015, Aqualia presenta a documentación requerida no apartado III.c indicado anteriormente.

Dacordo co exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NO CASCO URBANO. FASE 2", cos datos requeridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:

Código do proxecto: Expte. 2.547/443

Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.

NIF: A28849495.

Presuposto de execución material: 657.168,56 €

Presuposto de contrata: 782.030,58 € (IVE excluído).

Prazo de execución: 4 meses. (en cada un dos seus ámbitos)

Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos.

Clasificación do contratista: E1d.

Prazo de garantía: 2 anos.

Asistencia Técnica: GALAICONTROL.

Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.

Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada da tramitación do precedente expediente.

16(176).- CORRECCIÓN ERROS ACORDO XGL 31/10/14 REFERIDO Á REDE DE SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO NA AVDA. ATLÁNTIDA DO Nº 30 AO 52. EXPTE. 2563/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 16.02.15, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

O obxecto do referido acordo era que a Xunta de Goberno Local quedase enterada dos contratos de obra que se formalizasen para a execución das obras comprendidas no plan de inversións de Aqualia, derivados da prórroga da concesión do servizo e en cumprimento do acordo dese órgano de data 9 de marzo de 2013, que incluía os aspectos específicos sobre os que a referida concesionaria debería informar a este concello.

Por isto o Xefe da Area de Fomento remitiu á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento os datos que correspondían ao contrato de referencia; pero por erro, se incluíron os relativos ao contrato de "Renovación de redes de saneamento e abastecemento no Barrio do Calvario".

O artigo 105.2 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, establece:

"As administracións públicas poderán rectificar en calqueira momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

Como neste caso xa quedou claro que trátase dun erro material padecido no acordo dese órgano de data 31 de outubro de 2014, proponse á Xunta de Goberno Local que o corrixa e que o seu contido pase a ser o seguinte:

“Quedar enterada da formalización por parte de Aqualia do contrato para execución das obras para subsanación das necesidades das redes de saneamento e abastecemento na Avda. Atlántida do nº 30 ao 52, en execución do plan de inversións pactado co concello con ocasión da prórroga da concesión do servizo e que conta coas seguintes especificacións:

Código do proxecto: Expte. 2.563/440

*Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.
NIF: A28849495.*

Presuposto de execución material: 30.406,20 €

Presuposto de contrata: 36.183,38 € (IVE excluído).

Prazo de execución: 1 mes.

Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos.

Clasificación do contratista: Non se exige.

Prazo de garantía: 2 anos.

Asistencia Técnica: ESIMPRO.

Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.

Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

17(177).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “REPARACIÓN E MANTEMENTO DA RÚA ESPERANTO”. EXPTE. 2652/443.

Visto o informe de fiscalización do 9.02.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 4.02.15, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento e polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

A empresa VILAR MONTORO INGENIERIA, presenta o proxecto de “REPARACIÓN E MANTEMENTO DA RÚA ESPERANTO”, redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. LUIS VILAR MONTORO e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, e O ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS, D. Julio Carrasco Rodríguez cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SETENTA E DOUS MIL CINCOCEMOS UN EURO CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (172.501,75 €)

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Normativa. Os contratos de obra, sempre que se celebren por unha Administración Pública, son contratos administrativos. Esta afirmación leva aparellada unha serie de consecuencias xurídicas: Se rexirán, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP) e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. O Libro II do TRLCSP contén as normas sobre a Preparación dos contratos, cuxo Título I se refire á preparación dos contratos das Administracións Públicas. A Sección primeira do Capítulo II

deste Título contén unha serie de preceptos dedicados expresamente ás Actuacións preparatorias do contrato de obras.

O primeiro destes preceptos está dedicado ao elemento básico do contrato de obras: o proxecto. A adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto técnico das mesmas, que definirá con precisión o obxecto do contrato.

Segundo.- *Elaboración do proxecto.* O proxecto pode ser elaborado directamente pola Administración ou ben é posible que esta contrate a súa realización externa mediante un contrato de servizos para posteriormente contratar a execución das obras. Cabe tamén unha terceira fórmula que consiste en que a Administración contrate cun empresario a realización conxunta do proxecto e a execución da obra, se ben esta posibilidade ten carácter excepcional e só pode aplicarse nos supostos taxativos previstos no artigo 124 TRLCSP.

O proxecto que se somete a aprobación foi redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas D. Luis Vilar Montoro da empresa Vilar Montoro Ingeniería.

En orden á elaboración dos proxectos, o artigo 123 do TRLCSP e artigos 126 a 132 do RXLCAP determinan o contido obrigatorio dos proxectos, así como a responsabilidade derivada da súa elaboración.

O proxecto formula a completa reparación da rúa Esperanto, substituíndo toda a impermeabilización, enlazándoa adecuadamente coa rúa Urzáiz, recollendo en toda súa lonxitude, mediante dúas canaletas laterales de formigón polímero con reixa, as augas de escorrentía, que ao través dunhas arquetas-sumidoiro e dobre función, a nivel da rasante e da impermeabilización, vertan ao través do forxado no colector existente colgado do muro do soto no garaxe da planta -1. Para elo, a Comunidade de Propietarios do edificio "CALIPSO" outorga, necesariamente, súa autorización (inclúese íntegra dentro do Anexo nº 1 a esta Memoria) para que o Concello, ou a empresa á que este lle adxudique o traballo, actúe na propiedade dentro do alcance da intervención.

O obxectivo principal é a impermeabilización da lousa do forxado do soto-garaxe do edificio para evitar as filtracións de auga. Para elo, basicamente, propóñense as seguintes accións:

- 1) Desmontaxe do mobiliario urbano existente no vial.
- 2) Demolición dos firmes e pavimentos afectados.
- 3) Acondicionamento da subrasante.
- 4) Drenaxe (sumidoiros, conexión á rede ao través do forxado e canaleta de recollida de augas.
- 5) Impermeabilización da lousa do forxado.
- 6) Delimitación beirarrúa-calzada con rigola.
- 7) Pavimento de formigón impreso.
- 8) Reposición do mobiliario desmontado.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOUS MESES.

Terceiro.- *Supervisión do proxecto.* Unha vez elaborado o proxecto, debe ser supervisado. A supervisión do proxecto é un trámite administrativo previo a súa aprobación, obrigatorio para os de contía igual ou superior a 350.000 euros ou nos casos en que a obra afecte a súa estabilidade, seguridade ou estanqueidade. Concretamente, a supervisión consiste na verificación de que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica que resulte aplicable.

Consta no expediente informe preceptivo do Xefe da Oficina de Supervisión de proxectos de data 2 de febreiro de 2015.

Cuarto.- Fiscalización. O artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o ámbito de aplicación e modalidades da función interventora, entre elas, a intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido económico ou movemento de fondos de valores e intervención e comprobación material das inversións.

Por isto o expediente debe ser remitido á Intervención Xeral por si, pola súa natureza, considérase previsto informalo previamente a sometelo a coñecemento e resolución da Xunta de Goberno Local.

Quinto.- Aprobación do proxecto e órgano competente. De conformidade co sinalado no artigo 121 do TRLCSP, a aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación, salvo que tal competencia esté especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica. De acordo co apartado terceiro da disposición adicional segunda do TRLCSP, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Sexto.- Replanteo do proxecto. Unha vez aprobado o proxecto e antes de que se inicie a tramitación do expediente de contratación, é preciso un novo trámite denominado replanteo do proxecto (artigo 126 do TRLCSP). Dita operación deberá documentarse, incorporándose despois o proxecto ao expediente de contratación.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA para a "REPARACIÓN E MANTEMENTO DA RÚA ESPERANTO", dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, e O ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS, D. Julio Carrasco Rodríguez cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SETENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS UN EURO CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (172.501,75 €)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(178).- PROPOSTA DE INCAUTACIÓN DE GARANTÍA PARA SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS NA "HUMANIZACIÓN SANJURJO BADÍA. FASE I". EXPTE. 2718/443.

Visto o informe de fiscalización do 11.02.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión da Área de Fomento, conformado polo xefe, o asesor xurídico e o concelleiro-delegado, todos eles da Área de Fomento, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de xuño de 2008, se adjudicou á mercantil "Sercosya Proyectos y Obras, S.A." o concurso aberto para a contratación da execución das obras de humanización da rúa Sanjurjo Badía, Fase I (expediente 54687/250), por un prezo de 1.049.240 euros e un prazo de garantía da obra de 66 meses.

O contrato se formalizou con data 24 de xullo de 2008. Consta que, para responder do cumprimento deste contrato, o contratista constituíu na Tesourería do Concello garantía definitiva por importe de 41.969,60 euros mediante aval bancario da entidade Caja de Ahorros del Mediterraneo, segundo mandamento de ingreso nº 200800040525, de data 24 de xullo de 2008.

II.- A acta de comprobación do replanteo asinouse o día 24 de agosto de 2008.

III.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de decembro de 2008, acordou aprobar a modificación nº 1 do devandito contrato, que supuxo un importe adicional líquido de 191.426,67 euros (expediente 47/440).

O modificado do contrato se formalizou con data 28 de xaneiro de 2009. Consta que, para responder do cumprimento deste modificado, o contratista constituíu na Tesourería do Concello garantía definitiva por importe de 8.251,06 euros mediante aval bancario de Sogarpo, S.G.R., segundo mandamento de ingreso nº 200900003746, da mesma data.

IV.- O 18 de maio de 2009 tivo lugar a recepción das obras; a partir desta data comeza a computarse o prazo de 66 meses de garantía, que rematou o pasado 18 de novembro de 2014.

V.- Tras unha inspección in situ, o 24 de setembro de 2014 o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, director facultativo da obra, emite informe no que pon de manifesto a aparición dunha serie de deficiencias como consecuencia dunha mala execución (básicamente, roturas do caz de formigón, afundimento en zonas puntuais e espaciadas na zona da calzada, gretas lonxitudinais no aglomerado e roturas de dados de formigón nalgúns pozos de rexistro). No mesmo sinala que os referidos defectos corresponden ao proxecto primitivo e que o prazo estimado para realizar os traballos de arranxo se estima nun mes. Ao seu informe achega un croquis de planta das deficiencias e unha relación detallada e valorada dos traballos a realizar para subsanalas, que ascende a un orzamento de execución material de 26.796,85 euros (orzamento de contrata: 38.584,78 euros).

VI.- O 31 de outubro de 2014, a Xunta de Goberno Local adopta o pertinente acordo consonte á proposta de resolución do 28/10/2014, no que se require ao contratista para que proceda a execución dos traballos de reparación das deficiencias surxidas, co apercibimento da execución subsidiaria polo Concello a súa costa se os traballos non foran iniciados no prazo máximo de dúas semanas ou rematados no prazo máximo de un mes dende o seu inicio, para o que se incautará a garantía definitiva. Este acordo foi notificado á mercantil o 10 de novembro de 2014, polo que o prazo para o inicio dos traballos finalizaba o 24 de novembro de 2014.

Este acordo tamén se puxo en coñecemento da entidade avalista, agora Banco Sabadell, dado que a entidade Caja de Ahorros del Mediterraneo lle foi adxudicada polo Banco de España (acuse de recibo o 18 de novembro de 2014).

VII.- Con data 27 de novembro de 2014, transcorrido o prazo concedido para o inicio dos traballos de arranxo, se emite novo informe polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras no que fai constar que, xirada visita de inspección o 26/11/2014, os traballos de reparación das deficiencias non se tiñan iniciado.

VIII.- En data 18 de decembro de 2014, o Concelleiro delegado da Área de Fomento resolve iniciar procedemento de execución subsidiaria dos traballos necesarios para o arranxo das deficiencias detectadas nas obras de referencia, con incautación de garantía definitiva constituída polo contratista para responder da correcta execución do contrato, outorgando ao

contratista e a entidade avalista trámite de audiencia a fin de que poidan alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen pertinentes.

O 23 de decembro de 2014 e o 8 de xaneiro de 2015, a entidade avalista e o contratista, respectivamente, reciben a notificación da resolución adoptada, conferíndolle o citado trámite de audiencia polo prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación.

IX.- Durante o trámite concedido, non consta a presentación de alegación, documento ou xustificación algunha polo contratista nin pola entidade avalista.

Fundamentos Xurídicos

- Primeiro.- A lexislación aplicable, a cuxo amparo se efectuou a contratación, é a seguinte:
- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante, LCAP).
 - Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante, RXLCAP).
 - Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (en adiante, LRXAP-PAC).
 - Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recaudación.
 - Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
 - Real Decreto 161/1997, de 7 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos.

Segundo.- O artigo 110.3 LCAP 2/2000 sinala que nos contratos fixarase un prazo de garantía a contar dende a data de recepción ou conformidade, transcorrido o cal sen obxeccións por parte da Administración, agás os supostos nos que se estableza outro prazo nesta Lei ou noutras normas, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Particularmente, para o contrato de obras, o art. 143.2 LCAP expresa que durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía, o contratista é responsable dos defectos que na construción poidan advertirse.

O artigo 147.3 LCAP sinala que, dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se éste fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no artigo 148 (responsabilidade por vicios ocultos), e procederase á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, se é o caso, ao pago das obrigas pendentes. No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a dictar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía. No mesmo senso, a cláusula 8.4.3 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato.

Finalmente, o artigo 148 expresa "Se a obra se arruina con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá éste dos danos e perdas durante o prazo de quince anos, a contar dende

a recepción. Transcurrido este prazo sen que se manifestase ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista”

Pola súa parte, o artigo 167 RXLCAP 1098/2001 dispón que durante o prazo de garantía coidará o contratista en todo caso da conservación e policía das obras con arranxo ao previsto nos pregos e ás instrucións que dea o director da obra. Si se descoidase a conservación e dese lugar a que peligre a obra se executarán pola Administración e a costa do contratista os traballos necesarios para evitar o dano. No mesmo senso, a cláusula 7.5.2 do prego de prescricións técnicas que rexe o contrato.

Resumindo, e tal como afirma a xurisprudencia, a normativa en materia contractual distingue tres períodos perfectamente diferenciados na responsabilidade dos contratistas: o primeiro se iniciará coa recepción da obra, momento no que se produce a entrega da mesma á Administración e comeza o período de garantía, no que o contratista responde dos defectos de construción, quedando igualmente obrigado a efectuar as labores de conservación e policía, asumindo a Administración os demais riscos, salvo por vicios ocultos; o segundo comeza cando se extingue o prazo de garantía e se refire exclusivamente aos “vicios ocultos por incumprimento do contrato por parte do contratista”, isto é, a aqueles cuxa existencia non se puido delatar nese período anterior, precisamente porque non tiñan unha manifestación externa e, ademais, determinan a ruína do construído; o terceiro e último é o que se inicia a partir dos quince anos desde a recepción, no cal o contratista non ten ningunha responsabilidade.

O caso que nos ocupa, segundo os informes técnicos que obran no expediente, tivo lugar no prazo de 66 meses de garantía a contar dende a recepción das obras por esta Administración, por canto a recepción das obras tivo lugar o 18 de maio de 2009 e as deficiencias detectadas foron comunicadas ao contratista o 10 de novembro de 2014 para o seu arranxo, ao obedecer a unha mala execución das obras.

Terceiro.- En canto á incautación da garantía definitiva, o artigo 43 LCAP enumera os conceptos dos que responden as garantías definitivas: entre outros, das obrigas derivadas do contrato e dos danos e perdas ocasionados á Administración con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento deste, cando non proceda a súa resolución.

O artigo 46 LCAP permite que persoas ou entidades distintas do contratista presten garantías a favor deste, de forma que estes terceiros non poderán utilizar o beneficio de excusión a que se refiren o artigo 1830 e concordantes do Código Civil. Esta previsión é para os supostos de constitución da garantía mediante aval ou seguro de caución, aclarando o art. 46.2 LCAP que, nestes dous casos, o avalista ou asegurador será considerado parte interesada nos procedementos que afecten á garantía prestada, nos termos previstos na Lei 30/1992.

O aval se configura como unha obriga accesoria doutra principal, cuxo cumprimento garantiza. En canto a extensión da garantía definitiva, o Informe 36/99, de 12 de novembro de 1999, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sinala que “... A la más elemental noción del derecho responde la idea de que las garantías en general, los avales en particular, responden exclusivamente del cumplimiento de la obligación garantizada y no del resto de las obligaciones del deudor garantizado, pues si bien este último responde con todos sus bienes presentes y futuros del cumplimiento de sus obligaciones (art. 1911 Cc.) la responsabilidad del garantista o avalista se limita a la obligación que se garantiza, en este caso la correcta ejecución del contrato de limpieza viaria como inequívocamente se desprende de la regulación de la fianza en el Cc. y de la propia Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, cuyo art. 44 al enumerar los conceptos de los que responden las garantías definitivas (penalidades, obligaciones, gastos y daños y perjuicios derivados del incumplimiento del contrato e incautación en casos de resolución) y liga lógicamente tales conceptos al incumplimiento del contratista y, además, frente

a la Administración y no frente a terceros". En consecuencia, o aval a executar deberá destinarse na súa totalidade ao cumprimento da obriga principal, debendo proceder á devolución da contía sobrante si é que a houbera, logo da execución subsidiaria.

No caso que nos ocupa e en base á valoración efectuada polo Xefe da OSPIO e director facultativo da obra, resulta que o importe dos traballos a realizar é inferior á cantidade da garantía constituída. Co cal, ésta será incautada na contía necesaria para subsanar as deficiencias detectadas. Isto é, pola dirección facultativa se elaborou no seu momento un orzamento correspondente aos traballos precisos para a subsanación das patoloxías detectadas por un importe total de 38.584,78 euros, IVE incluído, que constituirá o gasto provisional trasladable á contrata. Unha vez executadas as obras de reparación, a Dirección Facultativa ou Responsable da obra debe emitir informe no que se inclúa o custe definitivo da mesma.

Debe procederse á devolución do importe total da garantía constituída mediante aval de Sogarpo, S.G.R. posto que esta únicamente garantiza a correcta execución das unidades de obra contempladas no proxecto modificado nº1 e segundo o informe do Xefe da OSPIO as deficiencias detectadas obedecen a unha mala execución do proxecto primitivo.

Cuarto.- O artigo 63 do RXLCAP 1098/2001 establece que a Caixa Xeral de Depósitos, ou a caixa ou establecemento equivalente da Comunidade Autónoma ou Entidade Local - neste último caso, a Tesourería Municipal-, executará as garantías a instancia do órgano de contratación de acordo cos procedementos establecidos na súa normativa reguladora.

Quinto.- Á vista dos feitos relatados e as consideracións xurídicas expostas se pode concluir que:

a) Dentro do prazo de garantía se detectaron deficiencias nas obras correspondentes ao proxecto primitivo, consecuencia dunha mala execución das mesmas (básicamente, roturas do caz de formigón, afundimento en zonas puntuais e espaciadas na zona da calzada, gretas lonxitudinais no aglomerado e roturas de dados de formigón nalgúns pozos de rexistro). O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras do Concello, director facultativo da obra, elaborou un croquis de planta das deficiencias e un orzamento económico valorando os custos de execución dos traballos de arranxo.

b) Se dirixiu requirimento ao contratista para que procedera a debida reparación das deficiencias, co apercibimento de que si os traballos de arranxo das deficiencias non se iniciaban no prazo de dúas semanas ou non se remataban no prazo de un mes dende o seu inicio, o Concello procedería a execución subsidiaria con incautación da garantía aportada no seu momento e afectada ao bo fin da obra; constanding que o contratista non atendeu ao requirimento.

c) Segundo o artigo 95 da LRXAP-PAC, o Concello pode proceder, previo apercibimento, á execución forzosa das obras de arranxo, mediante algún dos medios que o artigo 96 do mesmo corpo legal prevé, e que para o asunto que nos ocupa, respectando o principio de proporcionalidade, se propón que sexa o de execución subsidiaria con cargo a garantía definitiva outorgada mediante aval bancario.

d) Dado que o contratista non iniciou os traballos de reparación das deficiencias no prazo concedido, iniciouse o procedemento de execución subsidiaria con incautación da garantía definitiva das obras, outorgando un prazo de audiencia de dez días ao contratista e ao avalista, sen que conste a presentación de alegacións por ningún deles.

e) Para executar subsidiariamente os traballos de arranxo das deficiencias detectadas, o Concello o pode facer polos seus propios medios ou a través das persoas que determina segundo permite o artigo 98 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, en cuxo caso se tramitará o

procedemento administrativo contractual que esixa o actual Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público 3/2011, de 14 de novembro.

Sexto.- O órgano competente para resolver o presente procedemento é a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación.

Por todo o exposto, PROPONSE a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Incautar a garantía definitiva constituída por Sercoysa Proyectos y Obras, S.A. para responder do correcto cumprimento do contrato de obras de "humanización da rúa Sanjurjo Badía, Fase I", a consecuencia do incumprimento de obrigacións contractuais consistente na non subsanación das deficiencias derivadas dunha mala execución das obras contempladas no proxecto primitivo e detectadas durante o prazo de garantía requirida por acordo da Xunta de Goberno Local do 31 de outubro de 2014. Dita garantía foi prestada mediante o seguinte aval bancario:

- Aval prestado o 24 de xullo de 2008 de CAJA DE AHORROS DEL MEDITERRÁNEO con CIF G-03.046.562 avalando a SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A. con CIF A-36.319.622, para responder do cumprimento do contrato ante o CONCELLO DE VIGO por importe de 41.969,60 euros; inscrito no Rexistro Especial de Avais da entidade co nº 0193474.

Con cargo a este aval se incautará a cantidade correspondente aos gastos nos que esta Administración ten que incorrer para executar subsidiariamente os traballos de arranxo necesarios, que segundo a relación detallada e valorada redactada polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras adxunta ao seu informe emitido o 24 de setembro de 2014 ascenden a 38.584,78 euros, sen prexuízo da liquidación definitiva unha vez se teñan executado efectivamente as obras.

A tal efecto, dar traslado da presente resolución a Tesourería municipal.

Destinar, unha vez que sexa efectiva, a referida cantidade ao arranxo das deficiencias detectadas nas obras.

Segundo.- Executar subsidiariamente, con cargo ao importe da garantía definitiva incautada constituída por Sercoysa Proyectos y Obras, S.A. mediante aval bancario, os traballos necesarios para o arranxo das deficiencias detectadas nas devanditas obras.

A tal efecto da execución subsidiaria, unha vez efectuados os trámites de incautación pola Tesourería municipal e feito efectivo o seu importe, o comunicará ao servizo xestor do presente expediente.

Terceiro.- Devolver a Sercoysa Proyectos y Obras, S.A. a garantía constituída mediante aval de Sogarpo, S.G.R. por unha contía de 8.251,06 euros para responder das obras do proxecto modificado nº1 de humanización da rúa Sanjurjo Badía.

Cuarto.- Notificar esta resolución aos interesados, con indicación dos recursos procedentes.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(179).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE, OBRA “HUMANIZACIÓN RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I”. EXPTE. 2839/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro-delegado, ambos da Área de Fomento, que di o seguinte:

Corrección de erros no acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de febreiro de 2015 sobre proposta de NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA HUMANIZACIÓN RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I. EXPTE. 2676/440.

O obxecto do referido acordo era que a Xunta de Goberno Local aprobase o NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA HUMANIZACIÓN RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I. EXPTE. 2676/440.

Por isto o Xefe da Área de Fomento remitiu á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación a proposta dos citados nomeamentos; pero por erro, no punto segundo da proposta, se incluíu como obra a “Humanización da rúa Gerona. Fase I (expte. 2676/440)”, cando debería dicir “Humanización da rúa Gregorio Espino. Fase I (expte. 2676/440)”.

O artigo 105.2 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, establece:

“As administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Como neste caso xa quedou claro que trátase dun erro material padecido no acordo dese órgano de data 6 de febreiro de 2015, proponse á Xunta de Goberno Local que o corrixa e que o seu contido pase a ser o seguinte:

Segundo: Aprobar o nomeamento como Coordinador de seguridade e saúde da obra Humanización da rúa Gregorio Espino. Fase I (expte: 2676/440) ao Técnico da empresa PREVENTECNIA, D. PEDRO MURCIEGO DELGADO, DNI. 76708878-Z, Enxeñeiro Técnico Forestal e Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais, Colexiado nº 785 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta

20(180).- PROPOSTA DE ENAXENACIÓN PARA CHATARRA DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS. EXPTE. 10947/445.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Parque Móbil, do 28.01.15, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento e polo asesor xurídico de dita Área, que di o seguinte:

Os vehículos e motocicleta municipais, que de seguido relacionamos, pola súa antigüidade e o avanzado estado de deterioro tanto de carrocería como de mecánica aconsellan dalos de baixa como achatarramento no Patrimonio Municipal.

7879-FFR--PO-9133-AB--PO-7028-AD--PO-7830-AF--PO-1277-AH--2251-BVZ--PO-6751-AM

En consecuencia proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo ACORDO:

“Aprobar a enaxenación para chatarra dos vehículos e motocicleta municipais matrículas:

- 7879-FFR
- PO-9133-AB
- PO-7028-AD
- PO-7830-AF
- PO-1277-AH
- 2251-BVZ
- PO-6751-AM

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(181).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ANEXO I AO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES. EXPTE. 7597/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 12.02.15, conformado pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio e Economía e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 13 de novembro de 2014, acordou “adxudicar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza de Argüelles. (expediente 7279-307) por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído)”.

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 21/11/2014, acordou os nomeamentos dos supervisores municipais e da coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras e en sesión extraordinaria e urxente do 24 de novembro de 2014, aprobou o Plan de seguridade e saúde das mesmas.

Na data do 10/02/2015, a empresa adxudicataria presenta un Anexo I ó citado plan polas circunstancias xurdidas no proceso de execución das mesmas, tal e como se recolle no art. 7,4 do R.d. 1627/97 de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Cando se trate de obras das Administracións Públicas, estas modificacións deben elevarse para a súa aprobación á administración que adxudicou a obra.

Polo exposto, solicítase desa Xunta de Goberno Local o seguinte:

1.- Aprobar o Anexo I ó Plan de seguridade e saúde das obras de Mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza de Argüelles, redactado pola empresa UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U e informado favorablemente polo técnico coordinador en materia de seguridade e saúde, Ángel Santorio Cuartero.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(182).- PROPOSTA DE ABONAMENTO DE CANTIDADES NON PERCIBIDAS DURANTE O MES DE OUTUBRO 2014 POR D. BASILIO COSTAS FERNÁNDEZ, XERADAS CON ANTERIORIDADE Á SÚA DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN FORZOSA. EXPTE. 26147/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3.02.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 30.01.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Por Resolución do concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal de 31 de outubro de 2014 foi declarada a xubilación forzosa do funcionario de carreira, D. Basilio Costas Fernández, DNI 35.960.543-C, núm. de persoal 10257, con efectos de 02 de novembro de 2014.

A medio de instancia de data 17/11/2014, o referido empregado público, solicita o abono de tódolos conceptos retributivos pendentes xerados con anterioridade a data da súa declaración de xubilación forzosa producida con efectos de 02 de novembro do pasado ano.

O Xefe de Relacións Públicas e Protocolo, a través de escrito de data 21 de xaneiro actual, solicita lle sexa aboado un complemento de produtividade, de conformidade co disposto na base i) da Instrucción 3ª sobre plantilla e Relación de postos de traballo, con contía a determinar pola Xunta de Goberno Local en función das horas traballadas durante o pasado mes de outubro do pasado ano 2014.

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 22/01/15, autorizou o abono dun complemento de produtividade polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento do seu posto de traballo durante o mes de outubro do pasado ano 2014.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Unha das innovacións introducidas no marco normativo do EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c). Introdúcense así

-non por vez primeira na nosa lexislación, pero sí de modo moi claro- os sistemas de avaliación do rendemento e da calidade do traballo dos empregados públicos, co lóxico obxectivo de acadar Administracións Públicas modernas, eficaces, que servan con axilidade aos intereses xerais dende o marco legal preconfigurado, e que sexan incluso susceptibles de seren sometidas a avaliacións mediante estándares de calidade, aos efectos de medir tanto a eficiencia económica por sectores en relación co gasto público efectuado, como o grao de satisfacción dos administrados coa prestación do servizo.

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade d'accordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

A este respecto, as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo,

aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010, publicadas no BOP de data 16 de novembro seguinte, en concreto a citada instrución 3ª i), establece que "con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade que se lle esixe ó persoal que presta servizos como Conductor da Alcaldía e Policías-seguridad da Tenencia da Alcaldía, en función das horas traballadas a establecer pola Xunta de Goberno Local e co devengo semestral, condicionado, en todo caso, ó informe previo do servizo da Alcaldía e da Tenencia da Alcaldía, acreditativo da especial dedicación".

O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraranse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

No escrito citado de data 21/01/2015 da Xefatura de Relacións Públicas, informa do especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento do seu posto de traballo máis aló do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, polo que concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para percibir un complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senon que teñen que estar a disposición da Alcaldía ou dos membros do Goberno municipal no momento no que sexan requeridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.

Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 3,17€ hora normal e de 5,76 € hora festiva, cantidades que se aboarán en función das horas en exceso realizadas, resultando a cantidade de 733,73€, segundo informe técnico que se anexa ao expediente e que deberá imputarse con cargo a partida 920.0.150.00.00 -productividade-, prevista no vixente orzamento, dentro do Capítulo I de Gastos.

Debe considerarse especialmente, tanto por parte da Xunta de Goberno Local como polo órgano responsable do asesoramento xurídico á mesma, o marco legal de excepcionalidade actualmente vixente en materia de gastos de persoal ao servizo do sector público, xa sinalado anteriormente.

En consecuencia, por parte do Servizo de Recursos Humanos estímase oportuno deixar constancia expresa de que unha eventual proposta de acordo favorable asínase sempre que a mesma respecte os límites legais e orzamentarios contidos na normativa invocada e acordos municipais de referencia,

Resulta necesaria a previa a preceptiva fiscalización do gasto que pola Intervención Xeral Municipal se efectúe, de conformidade co disposto nos artigos 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e correspondentes bases de execución dos Orzamentos Municipais vixentes; informe nos termos e condicións do cal efectúase calquera eventual proposta de gasto, e que deberá aterse aos límites que se establezan no mesmo. En calquera caso, a imputación orzamentaria do gasto deberá efectuarse con cargo á aplicación 920.0150.00.00- "Productividade".

En consecuencia, vistas as competencias que en canto á xestión económica do persoal municipal e á aprobación das retribucións do mesmo atribúe o artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, á Xunta de Goberno Local, sométese á súa consideración, se procede e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- "Estimar a reclamación presentada por D D. BASILIO COSTAS FERNÁNDEZ, con DNI 35.960.543-C , que prestou servizos como conductor adscrito a Alcaldía ata a data da súa xubilación forzosa producida o 02/11/2014, e acordar o aboamento da cantidade de 733,73€, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento do seu posto de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, durante ó mes de outubro do pasado ano 2014, de conformidade coa proposta do Xefe de Relacións Públicas e Protocolo, de data 21 de xaneiro de 2015:

O importe total deste expediente imputarase con cargo a partida 920.0.150.00.00 – productividade, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de Gastos.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á Concellería-delegada da Área correspondente, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas) e Comité de Persoal do Concello aos efectos oportunos".

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(183).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL:

A) RECOÑECIMENTO GRAO PERSOAL A ALICIA MEIRIÑO FERNÁNDEZ. EXPTE. 26180/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 2.02.15, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 15/01/15 (documento nº 150004627) D^a Alicia Meiriño Fernández, con DNI 34.936.626-V, funcionaria de carreira deste Concello con praza de Administrativa de Administración Xeral, e adscrita ao posto de Xefe Negociado Actas, escala Administración Xeral, solicita o recoñecemento do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 22, motivado polo desenvolvemento durante máis de dous anos de posto de traballo co dito complemento.

2.- Comprobado o expediente persoal da interesada pola oficina administrativa do Servizo de Recursos Humanos, consta na vixente relación de postos de traballo, aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 20/09/2010, para dito ano, vixente a día de hoxe, o posto de Xefe/a Negociado Actas cun complemento de destino 22, o cal leva desenvolvendo a solicitante dende 7/01/2013, ao ser adscrita provisionalmente por resolución do Sr. Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal de data 21/01/2013.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- De conformidade co establecido na Disposición Derogatoria Única, apartado b) e Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89, do 13 de abril de 2007) a regulación xurídica da consolidación do grao persoal recollida no art. 21 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, está derogada de forma expresa; sen embargo, e toda vez que o sistema retributivo dos empregados públicos atópase diferido ao posterior desenvolvemento legal e regulamentario que no seu momento se efectúe, e toda vez que o réxime de retributivo do persoal ao servizo da Administración rexerese polo disposto para os funcionarios ao servizo da Administración do Estado segundo establece o RD 861/1986, do 25 de abril, modificado por RD 158/1996, do 2 de febreiro, estímase necesario efectuar unha remisión normativa ao disposto nos artigos 70 e 71 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que establece que o grao persoal consolídase polo desenvolvemento de un ou máis postos do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción, calquera que fose o sistema de provisión. En todo caso, deberán respectarse sempre os límites legais establecidos no artigo 71 anteriormente citado en canto aos intervalos de niveis máximos e mínimos para a consolidación dentro de cada subgrupo de titulación.

Todo o antedito sen prexuízo do disposto no Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, en canto que no que non estea reservado á lexislación do Estado será aplicable ao persoal da Administración Local (artigo 3.2).

II.- Asemade, resulta de aplicación o acordo do Pleno do Concello de Vigo de 02/03/1998, que establece o dereito ao recoñecemento do grao persoal dos empregados municipais polo desempeño dun posto de traballo durante 2 anos continuados ou tres con interrupción, aplicable tanto ao persoal laboral como ao persoal funcionario.

III.- Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local; en nos termos do acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/07/2014, de delegación de competencias en materia de persoal, elévase ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Recoñecer a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 22, a funcionaria de carreira deste Concello D^a Alicia Meiriño Fernández, con DNI 34.936.626-V, con praza de Administrativa de Administración Xeral, e adscrita ao posto de

Xefe Negociado Actas, escala Administración Xeral, subescala Administrativa, motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados de posto de traballo co citado nivel asignado, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada no seu expediente persoal.

SEGUNDO.- Notifíquese a presente a interesado aos efectos oportunos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con data 4.02.15, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

B)DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO FUNCIONARIO D. LUÍS FELIPE COMESAÑA ARRIBAS, CON EFECTOS DE 03/02/2015. EXPTE. 26186/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 30.01.15, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos en relación a D. LUIS F. COMESAÑA ARRIBAS, con DNI 00139795-R, resultan os datos seguintes:

Vínculo xurídico: funcionario de carreira.

Nº de persoal: 11239

Data de nacemento: 03/02/1950.

Praza: Arquitecto, subgrupo A1 de titulación.

Posto de traballo: Arquitecto Xefe Unidade Técnica de Patrimonio, código 213, adscrito á Unidade Técnica de Patrimonio (243).

Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 01, tendo a data de xubilación 37 anos, 6 meses e 6 días de cotización (13.694 días) de cotización.

2.- Verificado polo Negociado de Seguridade Social o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para a xubilación no servizo activo, procede propoñer a declaración da xubilación obrigatoria do efectivo indicado, sendo a data de efectos da mesma o 03/02/2015.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.-A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser “Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida”, Asímesmo, no seu apartado 3, establece que “A

xubilación forzosa se declarará de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade. Nembargantes, nos termos das leis de Función Pública que se dicten en desenrolo deste Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo hasta que se cumpla setenta anos de idade. A administración Pública competente deberá de resolver de xeito motivado a aceptación ou denegación da prolongación”, en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto legislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, constituindo o nacemento e a extinción do vínculo de servizo/laboral fixo materia de carácter básico para a totalidade dos empregados/as públicos.

II.- Real Decreto Legislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social; non obstante o artigo 67.3 da norma establece que “a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. ”

III.- Asimesmo, a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, fixa a idade ordinaria de xubilación en termos de anos e meses durante un período transitorio que se estende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.

IV.- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1989 e de aplicación ao persoal funcionario e laboral, contempla a homoxeneidade de réxime xurídico en canto a dereitos e obrigas do persoal municipal funcionario e laboral, establecendo a idade legal de xubilación para ambos colectivos no seu artigo 33 (que debe contextualizarse no marco legal vixente).

V.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 30/07/2014, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, formúlase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario de carreira D. Luis F. Comesaña Arribas, con nº de persoal 11239, na praza de Arquitecto, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 03/02/2015.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e

condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Con data 4.02.15, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

24(184).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SUBMINISTRO DE BANCOS. EXPTE. 7842/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Visto o informe xurídico de data 3.02.15, e o informe de fiscalización do 19.02.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Parques e Xardíns, do 5.02.15, conformado polo concelleiro delegado de Parques e Xardíns e pola concelleira delegada de Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Primeiro.- mediante Resolución de 02 de xaneiro de 2015 o concelleiro delegado de Parques e Xardíns acordou iniciar o procedemento de contratación de subministro de bancos para beirarrúas e áreas verdes

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade de contratación do Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 30 de decembro de 2014*
- Resolución do concelleiro Delegado de Parques e Xardíns de data 2 de xaneiro de 2015 polo o que se autoriza o expediente de contratación*
- Prego de Prescripcións Técnicas particulares elaborado e asinado polo departamento técnico do servizo de parques e xardíns en data 03/02/2015*
- Memoria, procedemento de adxudicación e criterios de valoración redactado polo Xefe de Servizo de Parques e Xardíns de data 15/01/2015*
- Informe de recepción do expediente elaborado e asinado pola da xefa de servizo de contratación iniciando o procedemento en data 19/01/2015*
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares elaborado polo departamento de Contratación en data 03/02/2015*

- Informe Xurídico elaborado pola Asesoría Xurídica en data 03/02/2015

O presente contrato resulta necesario para o exercicio de competencias propias previstas no art. 25.2 b) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local.

A vista das anteriores circunstancias e previo informe da Intervención Xeral, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente. A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1º Aprobar o gasto de 39.930,00 euros para o subministro de bancos 39.930,00 € (33.000,00 € e 6.930,00 de IVE) . O orzamento total imputarase a partida 1710-609.00.00 (Adquisición de mobiliario urbano).

2º Aprobar o expediente de contratación por Procedemento Aberto do subministro de bancos que contén o prego de prescripcóns técnicas particulares de data 03/02/2015 e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 03/02/2015

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(185).- APROBACIÓN INICIAL PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DA 1ª FASE DO SISTEMA XERAL "SX/EQ-DC/C05/01 CIDADE DA XUSTIZA". EXPTE. 240/413.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Visto o informe de fiscalización do 17.02.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 17.02.15, conformado pola arquitecta municipal e xefa de Planeamento e Xestión e pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

1.- Por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009, aprobouse o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). As ditas Ordes foron publicadas, respectivamente, nos BOP de 06.08.2008 e de 10.09.2009, e nos DOG de 03.06.2008 e 24.07.2009.

2.- A Memoria xustificativa do PXOM, incorpora como documentos vinculados á mesma, entre outros, as áreas de ordenación detallada (AOD), que son ámbitos de solo urbano non consolidado ou solo urbanizable cuxa ordenación detallada se incorpora dende outros planeamentos anteriores, ou ben son desenvolvidos polo propio plan xeral, xa sexa por tratarse de intereses estratéxicos ou pola existencia de convenios urbanísticos.

Entre as áreas con ordenación detallada atópase o ámbito de solo urbano non consolidado denominado coa clave «A-3-14 CHOUZO», na que o PXOM contempla de solo para a

implantación do sistema xeral con clave «SX/EQ-DC/C05/1 CIDADE DA XUSTIZA», destinado á ampliación dos edificios dos Xulgados existentes na rúa Lalín.

3.- O 05.12.2014, a Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo ditou resolución pola que ordenaba incoar o procedemento expropiatorio para a obtención dos terreos necesarios para a execución da 1ª fase do sistema xeral «SX/EQ-DC/C05/1 CIDADE DA XUSTIZA», que se corresponde coa parcela P.2 da mazá M.7 da ordenación detallada, nos seguintes termos:

“PRIMEIRO: Incoar o procedemento administrativo para a obtención por expropiación forzosa dos bens e dereitos comprendidos na 1ª fase do sistema xeral «SX/EQ-DC/C05/1 CIDADE DA XUSTIZA», encomendando á Oficina de Planeamento e Xestión, coa colaboración da Oficina Municipal de Vivenda e Solo e o resto dos servizos técnicos e xurídicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, a elaboración dos expedientes técnico e administrativo necesarios para a tramitación do procedemento expropiatorio.

SEGUNDO: Dar conta da presente resolución ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, para o exercicio das súas labores de control, segundo o o art. 10.3 dos Estatutos da XMU.”

Os antecedentes da citada Resolución transcríbense a continuación, a fin de evitar reiteracións:

“1.- O vixente Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008 (PXOM), foi aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009).

2.- O PXOM prevé a creación de novas infraestruturas xudiciais, concentradas ao carón dos edificios xudiciais existentes; na Memoria Xustificativa xustifícase do seguinte modo (versión en galego, parágrafo terceiro, páx. 131):

“O PXOM prantexa a expansión das dotacións especificamente destinadas á Administración de Xustiza, que se deberán localizar a carón dos Edificios dos Xulgados xa existentes na proximidade da Rúa Coruña. Nesta Zona poderá ter acobillo, o que se deu en chamar, a Cidade da Xustiza. A obtención do solo lígase ao desenvolvemento dalgún dos ámbitos de solo urbano non consolidado dos que van a transformar esta importante peza urbana outrora coñecida como Tomás Alonso, que neste caso de programa coa máxima prioridade, no primeiro catrénio do plan.”

A clave do sistema xeral da Cidade da Xustiza é «SX/EQ-DC/C05/1 CIDADE DA XUSTIZA», que se remite na ficha do PXOM á ordenación detallada do ámbito «APR A-3-14 CHOUZO», anexa á Memoria Xustificativa.

3.- A ordenación detallada do ámbito de solo urbano non consolidado «APR A-3-14 CHOUZO» recolle entre os elementos estruturantes da ordenación (apartado 6, parágrafo segundo, da memoria expositiva e xustificativa) o seguinte:

“A creación dunha grande peza que acolla de xeito harmónico a disposición dos novos equipamentos da cidade, nomeadamente o que se deu en chamar “Cidade da Xustiza”, máis tamén o resto de dotacións de carácter urbano e, mesmo, metropolitano xa existentes, facéndoo na parte oriental do ámbito, para dese xeito, reforzar a centralidade de toda a zona que pivota sobre a rúa Coruña, A Seara, Praza de América, arranque de Coia, Praza da Industria, etc.”

Na ordenación detallada, distribúense as parcelas en 9 mazás, das cales o sistema xeral de equipamentos para a cidade da xustiza se concentra na parcela 2 da mazá 7 e na parcela 2 da mazá 8, de 5.932 m² e 14.490 m², respectivamente, segundo consta nas táboas das páxinas 12 e 13 da memoria expositiva e xustificativa da ordenación detallada.

4.- Ante a falta de desenvolvemento da «APR A-3-14 CHOUZO», que estaba prevista para o primeiro cuatrienio da vixencia do PXOM, procede que se obteñan de forma anticipada os terreos necesarios para a 1ª fase da Cidade da Xustiza, que se delimitan en correspondencia coa parcela P.2 da Mazá 7 resultante da ordenación detallada.

O mecanismo a utilizar para a súa obtención, será a expropiación forzosa, segundo o previsto no art. 166.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

O aproveitamento urbanístico correspondente aos terreos así adquiridos, a materializar no ámbito «APR A-3-14 CHOUZO», integrarase no patrimonio municipal do solo do Concello de Vigo, e será destinado ás finalidades previstas no art. 177 da LOUGA.”

4.- A dita resolución foi notificada ás persoas que figuran como titulares na documentación preparatoria, ás que se lles solicitou a remisión dos títulos de propiedade e cantos documentos acreditasen a existencia de toda clase de dereitos sobre as parcelas afectadas pola expropiación.

5.- Durante a realización dos traballos preparatorios, por oficio da Xerente de Urbanismo de 07.11.2014 (n.º saída 15308-2014, exp. 4966/401), interesouse do Rexistro da propiedade n.º 3 de Vigo a emisión de certificacións rexistras das parcelas que catastralmente figuran comprendidas dentro dos terreos a expropiar, que non foi emitida.

Posteriormente, logo do exame e estudo da documentación achegada polos interesados, o oficio foi reiterado e completado mediante outro de 11.02.2015, no que se identificaban algunhas parcelas concretas, se ben o Rexistro polo de agora non remitiu as certificacións solicitadas.

6.- O 09.02.2014, por oficio da Xefa de Planeamento e Xestión solicitouse dos Servizos Centrais a realización das operacións precisas para a expedición dun certificado de Retención de Crédito, pola cantidade de 2.312.210,00 € (DOUS MILLÓNS TRESCENTOS DOCE MIL DOUSCENTOS DEZ EUROS), cantidade estimada inicialmente como suficiente para facer fronte ao pagamento dos prezos xustos dos bens e dereitos afectados pola expropiación, sen prexuízo das posibles variacións derivadas das alegacións que no seu caso presenten os interesados durante a tramitación do procedemento.

A partida do orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo sobre a que se xerou a retención de crédito é a 1510.6000100, e o documento de retención de crédito correspondeulle o número de operación 201500000444.

II.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; DOG n.º 252, de 31.12.2002 (LOUGA)
- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; *Boletín Oficial do Estado* -BOE- n.º 154, de 26.06.2008 (TRLR 2008)
- Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa; BOE n.º 351, de 17.12.1954 (LEF)
- Decreto de 26 de abril de 1957, polo que se aproba o regulamento da Lei de expropiación forzosa; BOE n.º 160, de 20.06.1957 (RLEF)
- Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE n.º 175, de 23.07.1997 (RLHU)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; BOE n.º 96, de 22.04.1986 (TRRL)
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; BOE n.º 305, de 22.12.1986 (ROF)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa; BOE n.º 167, de 14.07.1998 (LXCA)
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010; BOP n.º 193, de 06.10.2010

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A.- Obtención de terreos para sistemas xerais en solo urbano non consolidado

a.1.- O art. 166.3 da LOUGA sinala os mecanismos previstos na lei urbanística galega para a obtención dos terreos precisos para a execución de sistemas xerais en solo urbano non consolidado, como é o caso do ámbito «A-3-14 CHOUZO», nos seguintes termos:

“Los terrenos destinados por el planeamiento a sistemas generales en suelo urbano no consolidado y en suelo urbanizable o, en su caso, suelo rústico incluido en un área de reparto se obtendrán:

a) Por cesión obligatoria derivada de su inclusión o adscripción en un área de reparto y en el correspondiente polígono.

b) Por ocupación directa.

c) Por permuta forzosa.

d) Mediante expropiación forzosa.

e) Por convenio urbanístico, debiendo incluirse entre sus cláusulas las previsiones necesarias para compensar a los propietarios, bien en metálico o bien mediante aprovechamiento lucrativo de titularidad municipal.

a.2.- O desenvolvemento do ámbito con ordenación detallada «A-3-14 CHOUZO», onde están situados os terreos nos que se prevé a implantación da Cidade da Xustiza, está temporalizado para o seu desenvolvemento por iniciativa pública polo sistema de compensación para o primeiro cuatrienio da vixencia do PXOM.

Porén, transcorrido o citado período, non se ten constituído a xunta de compensación, entidade urbanística colaboradora da Administración urbanística que debe formular o proxecto de compensación, cuxa aprobación definitiva supón a cesión gratuíta e libre de cargas dos terreos necesarios para as dotacións públicas previstas (art. 158.3 da LOUGA e cc.).

En consecuencia, de conformidade co previsto no art. 166 da LOUGA, tramítase o presente procedemento expropiatorio por taxación conxunta, a fin de obter de forma anticipada os terreos previstos polo planeamento para a implantación de sistemas xerais; neste caso, trátase dun sistema xeral de natureza supramunicipal, polo que unha vez adquiridos os terreos, e previa tramitación do procedemento patrimonial que corresponda, os mesmos terán que ser postos a disposición da Administración pública competente, por calquera dos negocios xurídicos previstos na normativa patrimonial.

a.3.- O Concello de Vigo participará proporcionalmente nos beneficios e cargas do desenvolvemento do ámbito «A-3-14 CHOUZO», e o aproveitamento urbanístico que se obteña será incorporado ao patrimonio municipal do solo, e destinado ás finalidades de interese público previstas no art. 177 da LOUGA.

B.- Declaración de utilidade pública e urxente ocupación

O art. 98.1 da LOUGA, dispón que a aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística leva aparellada a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación ou imposición de servidumes.

No presente caso, a reserva do solo para a implantación do sistema xeral «SX/EQ-DC/C05/1 CI-DADE DA XUSTIZA» ven recollida no PXOM, que aproba tamén a ordenación detallada do ámbito «A-3-14 CHOUZO», circunstancia que consonte o disposto no art. 109 da LOUGA supón a apertura da fase de execución do planeamento.

Esta previsión da normativa urbanística galega debe cohonestarse coa normativa estatal, que contempla tamén -cunha fórmula similar- que a aprobación dos instrumentos de ordenación ur-

banística leva aparellada a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos correspondentes (art. 29 TRLS 2008); tocante á habilitación para que a execución se realice por expropiación, basta remitirse ao art. 166 da LOUGA antes transcrito, que prevé a aplicación discrecional do procedemento expropiatorio como un dos sistemas de obtención do solo no que o planificador prevé a implantación de sistemas xerais en solo urbano non consolidado.

C.- Tramitación do procedemento de taxación conxunta

c.1.- Tal e como se indica no proxecto expropiatorio elaborado conxuntamente pola Oficina de Planeamento e Xestión e a Oficina Municipal de Vivenda e Solo -coa colaboración do resto de servizos técnicos e xurídicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, en particular o Servizo de Cartografía, responsable da conformación do parcelario-, o documento ten o contido material dos proxectos expropiatorios por taxación conxunta, ao reunir os documentos indicados no art. 143.1 da LOUGA:

a) Delimitación del ámbito territorial, con los documentos que lo identifiquen en cuanto a situación, superficie y lindes, con la descripción de bienes y derechos afectados y la relación de las personas titulares.

b) Fijación de precios con la valoración razonada del suelo, según su calificación urbanística.

c) Hojas de justiprecio individualizado de cada finca, en las que se contendrá no sólo el valor del suelo, sino también el correspondiente a las edificaciones, obras, instalaciones y plantaciones.

d) Hojas de justiprecio que correspondan a otras indemnizaciones.”

c.2.- Tocante ao procedemento para a aprobación do proxecto expropiatorio por taxación conxunta, a LOUGA (arts. 143 e seguintes) prevé que o proxecto de expropiación, cos documentos indicados no parágrafo anterior, será aprobado inicialmente polo órgano competente, e exposto ao público polo prazo dun mes, a fin de que as persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que teñan por oportuno, en particular no tocante á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

c.3.-A información pública, realizarase por medio da inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun diario dos de maior circulación da provincia; así mesmo, as follas de aprecio e a proposta de fixación dos criterios de valoración notificaranse individualmente ás persoas que aparezan como titulares de bens ou dereitos no expediente, a fin de que formulen as alegacións que estimen oportuno no prazo dun mes.

Informadas as alegacións recibidas, o expediente expropiatorio elevarase ao órgano competente para a súa aprobación definitiva, e a resolución aprobatoria notificarase ás persoas interesadas, conferíndolles un prazo de 20 días a fin de que manifesten a súa disconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado, dando traslado do expediente e da folla de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia para a fixación definitiva do prezo xusto en vía administrativa; no caso de que non formulen oposición á valoración no prazo indicado, o prezo xusto quedará fixado definitivamente en vía administrativa, entendéndose que de conformidade.

Os erros non denunciados e xustificados durante o período de exposición pública non darán lugar á nulidade ou reposición de actuacións, sen prexuízo de que as persoas interesadas conserven o seu dereito a ser indemnizadas na forma que corresponda.

c.4.- O acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta, implica, de conformidade co disposto no art. 144 da LOUGA, a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados. O pagamento ou depósito do importe da valoración terá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do art. 52 da LEF, sen prexuízo da continuación do procedemento para a definitiva fixación do prezo xusto.

O pagamento do prezo xusto só se fará efectivo na forma determinada pola lexislación básica do estado (LEF e RLEF), consignándose como depósito legal sen xuros en caso contrario na Caixa Xeral de Depósitos do Tesouro Público a disposición dos seus titulares, que deberán instar o seu rescate desta Administración acreditando o seu dereito.

c.5.- No caso de que por acto administrativo ou resolución xudicial houberen de ser incluídos bens ou dereitos que non fosen tidos en conta na aprobación do expediente, retrotraeranse as actuacións até o momento de elaborarse a relación de bens e dereitos afectados, aos únicos efectos de engadir nesta os novos bens e dereitos, conservándose o resto de trámites e manténdose, en todo caso, os efectos da aprobación do expediente sinalados no art. 144 da LOUGA.

3.- COMPETENCIA

É competente para adoptar o acordo que a seguir se proporá a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.d da LBRL), a proposta do Consello de Xerencia da XMU (arts. 10.1.d, 10.1.j, e 2.4.A.12 dos Estatutos da XMU).

III.- PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, proponse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta dos terreos comprendidos na 1ª fase do sistema xeral «SX/EQ-DC/C05/1 CIDADE DA XUSTIZA», que se corresponden cos terreos situados dentro da parcela P.2 da mazá M.7 da «AOD A-3-14 CHOUZO» do PXOM, segundo o documento datado a Febreiro de 2015 elaborado pola Oficina de Planeamento e Xestión e a Oficina Municipal de Vivenda e Solo, coa colaboración do resto de servizos técnicos e xurídicos da Xerencia Municipal de Urbanismo.

SEGUNDO: Ordenar a apertura do trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación da provincia, para que aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, en particular no relativo á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

TERCEIRO: Notificar as taxacións de forma individual a aquelas persoas que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, mediante traslado literal das correspondentes follas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que formulen as alegacións que teñan por conveniente no prazo dun mes a partir da data da notificación.

CUARTO: Solicitar do Rexistro da propiedade n.º 3 de Vigo a práctica da nota marxinal de incoación do procedemento expropiatorio por taxación conxunta naqueles predios afectados polo mesmo que figuren inscritos, consonte o disposto no art. 22 do Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo.»

O presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ao seu superior criterio.

Con data 20.02.15, o Consello da Xerencia acorda elevar o expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(186).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dezaseis minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.